



Festival de Música Cidade de Lugo

XXXVII
Semana do Corpus

Abril-xuño 2009



Concello de Lugo
Concellería de Cultura
e Turismo

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural

venres 24 de abril de 2009

► Concerto inaugural: Ano Haendel, a música sacra
THE SCHOLARS BAROQUE ENSEMBLE
DAVID VAN ASCH
Igrexa de San Pedro, 20:30

luns 27 de abril de 2009

► A música de cámara: a frauta
LAURENT BLAITEAU frauta
Bach, Fukushima, Karg-Elert, Marais
Fundación Caixa Galicia, 20:30

mércores 29 de abril de 2009

► A opereta: Viena e París
ALEXANDRA RIVAS mezzosoprano
KRISTIN OKERLUND piano
Léhar, Stolz, Kálmán, Offenbach...
Círculo das Artes, 20:30

martes 5 de maio de 2009

► Os ciclos de cancións de Britten (2)
ANDREW KENNEDY tenor
ROGER VIGNOLES piano
Conservatorio Profesional de Música, 20:30

xoves 7 de maio de 2009

► Os grandes mestres do lied alemán
BIRGID STEINBERGER soprano
JULIUS DRAKE piano
Schubert, Wolf e Mahler
Círculo das Artes, 20:30

sábado 9 de maio de 2009

► Concertos en familia I
Música para nenos (case recién nados)
ACUÑA'S JAZZ-BAND
Círculo das Artes, 18:00

martes 12 de maio de 2009

► Homenaxe a Pau Casals
THOMAS PIEL violoncello
Halffter, Finzi e Cassadó
Fundación Caixa Galicia, 20:30

xoves 14 de maio de 2009

► Gala de ópera: Rossini e Donizetti
CARLOS CHAUSSON baixo-barítono
ROCÍO IGNACIO soprano
RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE piano
Círculo das Artes, 20:30

venres 15 de maio de 2009

► A música de cámara: sonatas para violín e piano
MASSIMO SPADANO violín
ALEXANDER SCHMALCZ piano
Haydn, Beethoven, Schumann...
Círculo das Artes, 20:30

sábado 16 de maio de 2009

► Concertos en familia 2
Amor, ¡non durmas máis!
RESONET
Círculo das Artes, 18:00

luns 18 de maio de 2009

► Os nosos compositores:
Paulino Pereiro e a música de salón
GRUPO INSTRUMENTAL SÉCULO XX
FLORIAN VLASHI director
Fundación Caixa Galicia, 20:30
estrea mundial

xoves 21 de maio de 2009

► O piano: Granados, Ravel, Prokofiev
ARTUR PIZARRO piano
Conservatorio Profesional de Música, 20:30

sábado 23 de maio de 2009

► Concertos en familia 3
Canto de berce
RESONET
Centro Cultural Uxío Novoneyra, 12:30 e 18:00

sábado 23 de maio de 2009

► Tenor, vivo... e ao vermello
Espectáculo lírico
ENRIQUE VIANA tenor / dir. escena
DANIEL OYARZÁBAL piano
Bizet, Lehar, Donizetti, Wagner...
Círculo das Artes, 20:30

martes 26 de maio de 2009

► Centenario Haydn:
As sete palabras de Cristo na cruz
CUARTETO DE CORDAS DA
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Igrexa de San Pedro, 20:30

xoves 28 de maio de 2009

► Ano Haendel
Haendel e o oratorio operístico:
Il trionfo del Tempo e del Disinganno
LA RISONANZA
FABIO BONIZZONI director
NURIA RIAL soprano
YETZABEL ARIAS FERNÁNDEZ soprano
ELENA BISCUOLA contralto
MAKOTO SAKURADA tenor
Círculo das Artes, 20:30

sábado 30 de maio de 2009

► Ano Haendel:
Heroínas romanas, as cantatas
VERÓNICA CANGEMI soprano
BACH CONSORT WIEN
RUBÉN DUBROVSKY director
Círculo das Artes, 20:30

luns 1 de xuño de 2009

► Ano Purcell: Dido e Eneas
CORO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
CAPELA COMPOSTELANA
MIRO MOREIRA director
Dido e Eneas: ópera en versión concerto
Círculo das Artes, 20:30

Chega unha nova primavera, e Lugo vístese coas súas galas máis fermosas, tanto nos seus parques e xardíns urbanos como na espléndida natureza que rodea esta cidade bimilenaria. *Ab la dolçor del tems novèl / fôlho li bòsc, e li auçel / chanton chascús en lor latí*, dicía en versos inmortais, hai novecentos anos, o duque Guillerme de Aquitania, primeiro poeta en lingua provenzal: “coa dozura do tempo novo botan folla os bosques, e os paxaros cantan cada un no seu latín”.

A primavera é tamén música, e non só de paxaros. En Lugo a primavera trae a gran música do Festival Cidade de Lugo, esta “Semana de Corpus” que dura máis dun mes, e que este ano chega á súa XXXVII edición para converter a nosa cidade nunha capital musical, referencia cada vez máis importante para unha afección non só local, senón chegada de todas as partes de Galicia, e mesmo de fóra.

Como Alcalde e como afeccionado, quero expresar a miña satisfacción polo excelente programa e a miña máis cordial benvida a todos os grupos e artistas de Galicia, de España e do mundo que van encher a nosa primavera coa gloria da súa arte. *Avanti la musica!*

JOSÉ LÓPEZ OROZCO
ALCALDE DE LUGO

Tres efemérides importantes marcan este ano dende o punto de vista musical: o 350 aniversario do nacemento de Henry Purcell, o 250 cabodano da morte de Georg Friedrich Haendel e o segundo centenario do pasamento de Franz Joseph Haydn. Por iso esta edición do Festival de Música Cidade de Lugo se coroa cunha versión da ópera *Dido and Aeneas*, a obra mestra do músico inglés, que conmemora o Ano Purcell; con dous concertos –oratorios operísticos e cantatas– do alemán, en celebración do Ano Haendel; e coa execución de *As sete últimas palabras de Cristo na cruz* na igrexa de San Pedro, para lembrar o bicentenario do austríaco.

Pero non só de efemérides vive un festival coma o de Lugo. É propósito noso ofrecer, sempre dentro da chamada música clásica, sempre dende as altas esixencias de calidade que temos marcadas, un programa amplo e variado que atraia e seduza todos os gustos, e creo sinceramente que o estamos conseguindo, como demostra o éxito de concurrencia e de opinión dos últimos anos, que esperamos ver continuado nos dezaioito concertos de 2009. E niso seguimos. As dificultades do tempo que estamos a vivir imponen certamente restricións, pero o Concello de Lugo sabe moi ben que hai liñas de actuación imprescindibles, e unha delas é, sen dúbida ningunha, a acción cultural da que esta “Semana de Música” é unha parte importantísima.

Por iso este novo festival non é un festival “de crise”. Aínda que intentamos –e conseguimos– reducir lixeiramente o gasto, a calidade non sofre ningunha rebaixa, e a súa extraordinaria variedade será seguramente un dos seus grandes atractivos tanto para a cidadanía lucense como para as moitas persoas que nos visitan nestas datas, atraídas polo engado da música. Para persoas grandes, e tamén para os nenos e as nenas, que teñen na programación un lugar de seu onde nace a afección do futuro.

A todas as persoas e institucións que colaboran e fan posible este excelente Festival noso, moitas grazas; e moitas grazas tamén, e moi especialmente, ao público fiel que nos acompaña e ao público novo que chega agora e nos acompañará no futuro.

CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ
CONCELLEIRA DE CULTURA E TURISMO

De novo temos por diante máis dun mes cheo de música –dezaioito concertos– neste Festival de Música Cidade de Lugo que cada ano que pasa é máis coñecido e respectado lonxe desta sólida, fermosa e aberta muralla. Non por repetilo cada ano resulta menos certo que a calidade e a variedade son as premisas básicas da programación desta tradicionalmente coñecida como Semana do Corpus que se convertiu nun gran festival, o decano dos festivais galegos de música clásica, con trinta e sete anos de longa historia ás súas costas.

O 2009 é un ano marcado, no musical, polas efemérides dalgúns dos compositores, dos xenios, máis sobranceiros da historia da música. Especial atención prestaremos a un dos grandes piares do Barroco no 250º aniversario da súa morte, a Georg Friedrich Haendel, cuxa música encherá tres dos grandes concertos, tres dos momentos estelares, desta trixésimosétima edición do Festival de Música Cidade de Lugo. Nos últimos anos, o festival lucense ofreceu varias óperas e oratorios de Haendel que deixaron momentos de imborrable e impagable recordo –como o *Rodrigo* dirixido por Eduardo López Banzo que recentemente publicou a discográfica Naïve–, e este ano propoñemos o seu fermoso primeiro oratorio, *Il trionfo del Tempo e del Disinganno*, na destra man dun dos directores máis preocupados pola difusión da obra de Haendel nos últimos anos, o italiano Fabio Bonizzoni, que estará acompañado polo seu grupo La Risonanza e un sólido reparto no que destaca a presenza da soprano catalá Nuria Rial. Outras dúas citas imprescindibles do festival estarán integramente dedicadas a Haendel. A primeira, no concerto inaugural protagonizado polo Scholars Baroque Ensemble que coordina David van Asch dedicado á música sacra haendeliana. E cara ao final do festival, o programa dedicado ás cantatas italianas do novo Haendel na voz da soprano arxentina Verónica Cangemi, que debuta en Galicia con dúas dramáticas e esixentes cantatas do período italiano do compositor alemán, *La Lucrezia* e *Agrippina condotta a morire*, acompañada polo Bah Consort Wien, agrupación vienesa que debuta tamén en Galicia dirixida polo seu fundador Rubén Dubrovsky.

Son estes só algúns dos nomes de novos músicos e agrupacións que se unen a artistas como Roger Vignoles, Julius Drake, Florian Vlashi, Rubén Fernández Aguirre, Fernando Reyes, Plamen Velev ou Massimo Spadano que coa súa profesionalidade, fidelidade e entrega contribúen a garantir a coherencia dun proxecto que cada ano intenta acadar o equilibrio entre a continuidade das liñas de programación e as sempre refrescantes novidades. O piano converteuse nas tres últimas edicións, coa participación de reputados solistas como Nicolai Lugansky, Paul Lewis ou Joanna McGregor, nunha das apostas máis firmes do festival. E este ano continúa nesta liña coa presenza, co seu primeiro recital en Galicia despois de case quince anos, do pianista portugués Artur Pizarro, que ofrecerá un vistoso programa con obras de Granados, Ravel e Prokofiev.

A lírica, sempre ben representada na programación do festival, aborda este ano unha gran variedade de xéneros: ópera, lied e canción, opereta... A opereta, vienesa e francesa, enche o programa da mezzosoprano austríaca Alexandra Rivas e da pianista Kristin Okerlund que interpretarán pezas extraídas de títulos de especialistas no xénero como Léhar, Stolz, Simons, Kálmán ou Oscar Straus. Dous mestres, Donizetti e Rossini, ocupan cada unha das partes do concerto dedicado á ópera belcantista que ofrecerán o baixo aragonés Carlos Chausson, a soprano andaluza Rocío Ignacio e o pianista vasco Rubén Fernández Aguirre. Mención especial aparte merece o persoal e singular espectáculo lírico ideado e protagonizado polo tenor madrileño Enrique Viana titulado *Tenor, vivo... e ao vermello*.

No que ao lied e a canción se refire, continuamos co proxecto iniciado polo noso festival en torno aos ciclos de cancións do compositor inglés Benjamin Britten. Mark Padmore abriu brillantemente o ano pasado esta iniciativa que conta coa imprescindible e xenerosa colaboración dun recoñecido e sensible especialista, o pianista Roger Vignoles, e este ano tócalle a vez a outro tenor inglés de ascendente carreira como é Andrew Kennedy,

que cantará o fermoso ciclo *On this island* e os *Sete sonetos de Michelangelo*. Nunha semana dedicada á canción, tamén nos atoparemos co lied alemán e con algúns dos seus grandes mestres –Schubert, Wolf e Mahler– no recital doutra figura emerxente, a soprano austríaca Birgid Steinberger, e do pianista inglés Julius Drake.

Debera ser un dos principais fíos condutores nas programacións estables e nos festivais galegos e tentaremos continuar a dar os pasos precisos para cumprir cunha das nosas obrigas, a difusión da música dos nosos creadores, dos nosos compositores. Coa colaboración dun dos músicos que máis fai por manter viva a chama da creación musical galega nos nosos días, o violinista de orixe albanesa Florian Vlashi –e do seu Grupo Instrumental Século XX–, presentamos un programa integramente dedicado á música do compositor Paulino Pereiro: baixo o título *Música de salón* o concerto agrupa a estrea dun bo número de obras de cámara deste compositor coruñés que reside en Ferrol, moitas de inspiración popular e escritas todas para cuarteto de cordas.

Durante o festival tamén renderemos merecidas homenaxes a Franz Joseph Haydn e Henry Purcell, no bicentenario da súa morte e no 350º aniversario do seu nacemento respectivamente. Na clausura do festival, o Coro da Universidade de Santiago e a Capela Compostelana dirixidos por Miro Moreira ofrecen unha versión de concerto da ópera *Dido e Eneas* de Purcell, e para lembrar a Haydn escollemos a versión para cuarteto de cordas das *Sete últimas palabras de Cristo na cruz* que interpretará o cuarteto formado polos primeiros atrás da Real Filharmonía de Galicia (James Dahlgren, Grigori Nedobora, Tilman Kircher e Plamen Velev). A variada oferta de música de cámara da presente edición incluírá así mesmo un concerto de frauta protagonizado polo francés Laurent Blaiteau, unha homenaxe ao mundialmente famoso cellista catalán Pau Casals da man de Thomas Piel e un dúo de violín e piano formado por dous magníficos músicos, o violinista italiano Massimo Spadano e o pianista alemán Alexander Schmalcz, que tamén se lembrarán de Haydn nun programa que inclúe ademais obras de Beethoven, Schubert e Brahms.

Como cada ano, traballamos arreo e puxemos toda a nosa ilusión para preparar a programación deste Festival de Música Cidade de Lugo que agardamos compartan e disfruten connosco. Por último, e non por iso menos importante, senón máis ben todo o contrario, queremos manifestarlles o noso desexo de que compartan cos seus nenos, coa súa familia, a programación do “Corpus dos nenos”, os tres concertos familiares que se celebrarán os sábados e que inclúen o concerto titulado *Música para nenos (case recién nacidos)* da Acuña’s Jazz Band concebido e presentado por José Acuña Fernández, e *Amor, ¡non durmas máis! (músicas antigas para as fábulas, contos e romances de sempre)* de Resonet. Unha nova experiencia do festival será precisamente o outro programa concebido polo compostelán Fernando Reyes, director de Resonet, para os máis cativos (bebés e nenos até 3 anos) que baixo o título *Canto de berce* se presentará no Centro Cultural Uxío Novoneyra en dúas sesións o sábado 23 de maio. Convencidos da utilidade e necesidade da presenza da música na súa formación, non debemos nin podemos escatimar esforzos para facilitar a accesibilidade dos nenos á cultura, á música, que sen dúbida constituirá un pilar fundamental da súa felicidade, do seu futuro.

JOSÉ VÍCTOR CAROU
DIRECTOR ARTÍSTICO
XXXVII SEMANA DO CORPUS
FESTIVAL DE MÚSICA CIDADE DE LUGO

1 Concerto inaugural

ANO HAENDEL. OS PRIMEIROS PASOS EN ROMA, A MÚSICA SACRA

THE SCHOLARS BAROQUE ENSEMBLE

DAVID VAN ASCH

Igrexa de San Pedro
venres 24 de abril de 2009
20:30

programa

GEORGE FRIEDRICH HAENDEL (1685-1759)

PARTE I

Dixit Dominus HWV232 (Salmo CIX)

PARTE II

Salve Regina HWV 241

Nisi Dominus HWV 238 (Salmo CXXVI)

THE SCHOLARS BAROQUE ENSEMBLE

Kym Amps, Anna Crookes, Helen Parker soprano / Angus Davidson, Frances Jellard alto

Robin Doveton, Julian Podger tenor / Simon Grant, David van Asch baixo

Pauline Nobes, William Thorp violín I / Jorge Jimenez, Stefano Rossi violín II

Stefanie Heichelheim, Trevor Jones viola / Pal Banda violoncello / Jan Spencer violone

Terence Charlston órgano / David van Asch coordinación artística

currículum

THE SCHOLARS BAROQUE ENSEMBLE

Foi fundado en 1987 por David van Asch coa intención de complementar as actuacións do grupo vocal The Scholars, un cuarteto *a capella* que tivo un extraordinario éxito en todo o mundo durante moitos anos. Os compoñentes de The Scholars Baroque Ensemble son todos especialistas en música barroca e os músicos tocan instrumentos de época (ou copias) e utilizan técnicas contemporáneas.

O feito diferenciador de The Scholars Baroque Ensemble é que non ten director. O grupo cre que con isto acadan un maior nivel de comunicación non só entre os membros do grupo senón tamén co público, e “créase unha atmosfera excepcional facendo música xuntos”. Cantantes e músicos traballan colectivamente para producir as súas propias versións de obras mestras barrocas de compositores como Bach, Haendel, Monteverdi e Purcell.

O propósito artístico do grupo vai máis alá da mera consecución da chamada “autenticidade”: buscan por igual a brillantez e a transparencia da textura sonora, lograda polo emprego dun número mínimo de músicos e cantantes por cada parte, unha característica común nas interpretacións dos séculos XVI e XVIII.

Os concertos de The Scholars Baroque Ensemble en festivais e ciclos de concertos en Inglaterra, Francia, España, Alemaña, Austria e Italia foron loados tanto polo público como pola crítica. O grupo regresa a España con este programa do novo Haendel en Roma despois de anteriores xiras de éxito como as *Vésperas* de Monteverdi en 2007 e *Dido e Eneas* de Purcell en 2008. As múltiples gravacións coa discográfica Naxos tamén foron moi ben recibidas. En particular a súa gravación do *Mesías* foi proclamada pola revista Classic CD como “o mellor *Mesías a calquera prezo*” e *The Fairy Queen* recibiu o premio Best Buy de 1994.

2

A MÚSICA DE CÁMARA: A FRAUTA

LAURENT BLAITEAU *frauta*

Fundación Caixa Galicia
luns 27 de abril de 2009
20:30

programa

CARL PHILIPP EMANUEL BACH (1714-1788)

Sonata para frauta en la menor Wq 132

KAZUO FUKUSHIMA (N. 1930)

Mei (1962)

JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

Sonata para frauta en do maior BWV 1033

JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

Partita para frauta en la menor BWV 1013

SIGFRID KARG-ELERT (1877-1933)

Sonata appassionata en fa sostido menor op 140

MARIN MARAIS (1656-1728)

Les folies d'Espagne

currículum

LAURENT BLAITEAU *frauta*

Naceu en 1971 en Angers (Francia) e comezou os seus estudos musicais co profesor Marc Honorat e posteriormente con Ida Ribera. Continuou o seu perfeccionamento con Jean-Claude Gérard no Conservatorio Superior de Música de Stuttgart e máis adiante con Maxence Larrieu no Conservatorio Superior de Música de Xenebra. Ademais de participar en numerosas clases maxistras con Alain Marion, Aurele Nicolet e Patrick Gallois, entre outros, actuou con orquestras como a Filharmónica de Montecarlo, Stuttgarter Kammerorchester, Schleswig-Holstein Music Festival Orchester, Bachcollegium, etc. Participou en concertos de música de cámara xunto a recoñecidos profesionais como Radovan Vlatkovic, Sergio Azzolini, Jean-Claude Gérard, Ulf Rodenhauer ou Ingo Goritzki. Así mesmo, actuou como solista baixo a dirección de Jesús López Cobos, Helmuth Rilling, Frans Brüggen, Maximino Zumalave e Antoni Ros Marbà, entre outros. Na temporada 2007-08 estreou co mestre Zumalave e a Real Filharmonía de Galicia a obra *Fantasia Celta* composta polo director Vicente Egea. Actualmente, e dende a súa creación, ocupa o posto de frauta principal na Real Filharmonía de Galicia e é profesor na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

3

A OPERETA: VIENA E PARÍS

ALEXANDRA RIVAS *mezzosoprano*

KRISTIN OKERLUND *piano*

Círculo das Artes

mércores 29 de abril de 2009

20:30

programa

PARTE I

ROBERT STOLZ (1880-1975)

Im Weißen Rössl (A pousada da Cabalo Branco, opereta, 1930):

“Mein Liebeslied muss ein Walzer sein” (A miña canción de amor é un valse)

“Frühling in Wien” (Primavera en Viena)

Himmelblaue Träume (Soños azul celeste, opereta):

“Jedes kleine Mädchel hat eine kleine Lieblingsmelodie!” (Todas as rapaciñas teñen unha canciónciña favorita)

“Ich sing’ mein Lied heut’ nur für dich!” (Hoxe canto a miña canción só para ti),
da película *Mein Herz ruft nach dir* (O meu corazón chámate, 1934)

EMMERICH KÁLMÁN (1882-1953)

Gräfin Mariza (A condesa Mariza, opereta, 1924):

“Grüß mir mein Wien” (Saúdos, miña Viena), aria do Conde Tassilo

ROBERT STOLZ (1880-1975)

Träume an der Donau (Soños no Danubio)

(versión para piano de August-Peter Waldenmaier)

NICO DOSTAL (1895-1981)

“Heut’ abend lad’ ich mir die Liebe ein” (Esta noite invitarei á miña amada),
da película *Das Lied der Wüste* (A canción do deserto, 1939)

“Heut’ macht die Welt Sonntag für mich” (Hoxe o mundo é unha festa para min),
música baseada en Johann Strauss da película *Kaiserwalzer* (O valse do Emperador, 1933)

PARTE II

JACQUES OFFENBACH (1819-1880)

La Périchole (opereta, 1868):

“Ah! quel dîner je viens de faire” (Oh, que cea deliciosa), arietta da griserie, Périchole

“O mon cher amant, je te jure” (Oh, querido amante, xúroche), aria da carta, Périchole

OSCAR STRAUS (1870-1954)

Valse lente, de Feuilles dansantes (Six petits Morceaux de Danse)

Les trois valse (Os tres valse, opereta, 1938):

“Je ne suis pas ce que l'on pense” (Non son o que parece), aria de Irène

“Je t'aime” (Ámote), aria de Yvette

“Saison d'amour” (A estación do amor), aria de Fanny

FRANZ LÉHAR (1870-1948)

Melodías de operetas (popurri)

Giuditta (opereta, 1934):

“Meine Lippen, sie küssen so heiß” (Os meus labios bican con ardor), aria de Giuditta

MOÏSES SIMONS (MOISÉS SIMÓN RODRÍGUEZ) (1888-1945)

Toi c'est Moi (Ti es eu, opereta, 1934):

“C'est ça la vie, c'est ça l'amour” (Así é a vida, así é o amor), aria de Viviane

currículos

ALEXANDRA RIVAS *mezzosoprano*

Naceu en Viena e realizou os seus estudos de canto no conservatorio da súa cidade natal, co baixo ruso Yevgeny Nesterenko e co tenor xeorxiano Simon Baddi, entre outros.

No terreo do concerto cantou na Sala Dourada do Musikverein de Viena (*Kindertotenlieder* de Mahler, *Oratorio de Nadal* de Saint-Saëns), na Sala Grande do Konzerthaus de Viena (*Aleko* de Rachmaninow coa orquestra de San Petersburgo baixo a batuta de Alexander Lazarev, *Jeanne d'Arc au bûcher* de Honegger), na Catedral de San Estevo de Viena (*Misa en si menor* de Bach), no Brucknerhaus de Linz en Austria (*Parsifal* de Wagner con Dennis Russel Davies), na Gran Sala do Conservatorio de Moscova (*Novena sinfonia* de Beethoven con Robert Holl baixo a dirección de Vladimir Fedoseyev), no Auditorio de Castellón (*O Mesías* de Haendel) e na Ópera de Palma de Mallorca (*Requiem* de Mozart).

Debutou en España co papel de Teresa de *La Sonnambula* (Bellini) no Festival de Ópera de Oviedo, onde cantou, entre outros numerosos papeis, con moito éxito de público e crítica, Stephano de *Romeo e Xulieta* (Gounod) con Ainhoa Arteta e Rolando Villazón, Beppe de *L'amico Fritz* (Mascagni) con Miriam Gauci e José Bros, Olga de *Eugene Onegin* (Tchaikovski) con Carlos Álvarez, Cherubino de *As vodas de Figaro* (Mozart) con Simón Orfila e Manuel Lanza e Siebel de *Fausto* (Gounod) con José Bros.

Foi invitada a interpretar os papeis de Ximnasta da ópera *Lulu* de Berg, Cherubino de *As vodas de Figaro* e Dorabella de *Così fan tutte* de Mozart no Teatro de Metz (Francia). Cantou no Teatro Real (*Elektra* de R. Strauss), no Teatro da Zarzuela de Madrid (*L'incoronazione di Poppea* de Monteverdi baixo a batuta de Alberto Zedda), no Teatro Cervantes de Málaga (Filipevna de *Yevgeny Onegin* de Tchaikovski e Enriquetta de *I Puritani* de Bellini con Carlos Álvarez), no Palacio de Festivais de Santander, no Teatro Villamarta de Xerez (Stephano do *Romeo e Xulieta* de Gounod) e no Festival de Ópera da Coruña (*Fausto* de Gounod, *La Sonnambula* de Bellini, *Carmen* de Bizet e *Eugene Onegin* de Tchaikovski). Interpretou os papeis de Hänsel de *Hänsel und Gretel* (Humperdinck) e de Visconte Moncerf de *Manon* (Massenet) no Teatro da Maestranza de Sevilla e no Palacio Euskalduna de Bilbao cantou Bersi de *Andrea Chénier* (Giordano) con Daniela Dessi e Fabio

Armiliato e baixo a dirección de Renato Palumbo, *Rusalka* (Dvokak), *La bella dormente nel bosco* (Respighi), *A frauta máxica* (Mozart) e *Elektra* e *Ariadna en Naxos* (Strauss). Producións en gran formato das óperas *Carmen* (Bizet) e *La Traviata* (Verdi) levárona á Arena de Arnhem (Holanda), á Arena do Schalke (Alemaña), ao Olympiahalle de Múnic, á Arena de Hamburgo, á Arena de Zúric e á Arena de Shanghai (China).

En España ofreceu recitais en Barcelona, Santiago de Compostela, Xixón, Avilés e Murcia. Na tempada 2009 volverá a Bilbao para cantar o papel Siebel do *Fausto* de Gounod e ao Teatro da Maestranza de Sevilla co Ruggiero de *Tancredi* de Rossini.

KRISTIN OKERLUND *piano*

Desenvolveu os seus estudos no Conservatorio de Música de St. Louis da Universidade de Illinois e no Conservatorio de Viena, con John Wustman, Ian Hobson e Leonid Brumberg entre outros.

Foi premiada en numerosos concursos de piano. Tanto na súa faciana de pianista acompañante de cantantes como na de pianista de música de cámara actuou en Estados Unidos, Rusia, Xapón, Nixeria, Libia, Francia, España, Alemaña e Austria, entre outros países. Dende 1993 é repertorista na Staatsoper de Viena e dende 1992 profesora de correpetición no Conservatorio de Viena.

Ofreceu concertos con Bernd Weikl, Walter Berry, Samuel Ramey, William Warfield, Johan Botha, Klaus Maria Brandauer, Nancy Gustafson, Andrea Rost, Angelika Kirchschrager, Ildiko Raimondi, Heinz Zednik, Carlos Álvarez, Neil Shicoff, Giuseppe Sabbatini, Bo Skovhus, Edita Gruberova e Heidi Brunner. Entre os directores de orquestra cos que colaborou, cómpre destacar figuras como Georg Solti, Zubin Metha, Giuseppe Sinopoli, Christoph von Dohnany, Seiji Ozawa, Mstislav Rostropovich, Marcello Viotti e Bertrand de Billy, por mencionar só a algúns.

Recentemente gravou tres compactos: un con Heidi Brunner, Bertrand de Billy e a Orquestra Radiosinfónica de Viena, outro co *Winterreise* de Franz Schubert xunto a Constantin Walderdorff, e o último con Ana María Martínez para Milken Archives. Entre as súas últimas actuacións camerísticas acompañou a Werner Hink (concertino da Filharmónica de Viena) e ao clarinetista Roger Salander, e tocou co conxunto Ensemble Wien-Petersburg. En decembro de 2006 actuou con Nancy Gustafson, Bo Skovhus, Richard Leech e Samuel Ramey en Chicago.

En agosto de 2007 deu clases maxistras na facultade do Zhou Xiao Yan Opera Center do Conservatorio de Shanghai en China, onde foi invitada de novo para gravar un compacto cun dos máis prestixiosos barítonos chinos, Liao Changyong, e para participar no China Shanghai International Arts Festival en outono de 2007. Proximamente actuará no Theater an der Wien e en Chicago con Nancy Gustafson e Denyce Graves.

4

OS CICLOS DE CANCIÓNS DE BRITTEN (2)

ANDREW KENNEDY *tenor*

ROGER VIGNOLES *piano*

Conservatorio Profesional de Música

martes 5 de maio de 2009

20:30

programa

PARTE I

HENRY PURCELL (1659-1695) / ARR. MICHAEL TIPPETT (1905-1998)

Sweeter than roses Z 585 n°1 (Máis doce que as rosas)

I attempt from love's sickness

An Evening Hymn Z 193 (Himno vespertino)

PETER WARLOCK (1894-1930)

Sleep

Ha'nacker Mill

My own country

The night

Yarmouth Fair

BENJAMIN BRITTEN (1913-1976)

On this island op 11 (Nesta illa)

Let the florid music praise! (¡Que a florida música louve!)

Now the leaves are falling fast (Agora as follas caen rapidamente)

Seascape (O mar)

Nocturne (Nocturno)

As it is, plenty (Tal e como é, abundante)

PARTE II

BENJAMIN BRITTEN (1913-1976)

Seven Sonnets of Michelangelo op 22 (Sete sonetos de Miguel Anxo)

Sonetto XVI: Sì come nella penna e nell'inchostro (Así como na pluma e na tinta)

Sonetto XXXI: A che più debb'io mai l'intensa voglia (Por que seguir afogando este intenso desexo)

Sonetto XXX: Veggio co' bei vostri occhi un dolce lume (Vexo cos vosos belos ollos unha suave luz)

Sonetto LV: Tu sa, ch'io so, signor mie, che tu sai (Sabes que sei, amor meu, que ti sabes)

Sonetto XXXVIII: Rendete agli occhi miei, o fonte o fiume (Mostrade aos meus ollos, oh, fonte, oh, río)

Sonetto XXXII: S'un casto amor, s'una pietà superna (Se existe un casto amor, unha piedade suprema)

Sonetto XXIV: Spirto ben nato, in cui si specchia e vede (Espírito noble, no cal se reflicte e se ve)

BENJAMIN BRITTEN (1913-1976)

Cancións sobre poemas de W. H. Auden

Fish in the unruffled lakes

To lie flat on the back

Night covers up the rigid land

Underneath the abject willow

currículos

ANDREW KENNEDY *tenor*

Estudou no King's College de Cambridge e no Royal College of Music de Londres. Foi membro do Young Artists Programme da Royal Opera de Covent Garden, onde interpretou numerosos papeis protagonistas. Recibiu numerosos premios e galardóns, como o Rosenblatt Recital Prize do concurso BBC Cardiff Singer of the World de 2005, o Borletti-Buitoni Trust Award e o prestixioso Young Artist Award da Royal Philharmonic Society de 2006. Así mesmo, foi membro do programa New Generation Artists de BBC Radio 3.

Entre os seus papeis operísticos salientan Tamino de *A frauta máxica* na English National Opera, Flute de *A midsummer night's dream* no Covent Garden, Jaquino de *Fidelio* no Festival de Glyndebourne, Ferrando de *Così fan tutte* na Glyndebourne Touring Opera, Nemorino de *L'elisir d'amore* na Opera North, Tom Rakewell de *The rake's progress* en La Monnaie e na Ópera de Lión (recentemente en DVD), Vere de *Billy Budd* na Houston Grand Opera e Tito de *La clemenza di Tito* na Ópera de Lión. En concerto, interpretou o papel de Jaquino de *Fidelio*, Francesco de *Benvenuto Cellini* e o *Réquiem* de Mozart coa Sinfónica de Londres baixo a dirección de Colin Davis (ambos gravados para LSO Live), o Novato de *Billy Budd* coa Sinfónica de Londres e Daniel Harding (gravado para EMI / Virgin Classics), Tom Rakewell de *The rake's progress* no Festival de Stresa baixo a dirección de Gianandrea Noseda, Orfeo de *Orfeo e Euridice* de Haydn coa Handel and Haydn Society de Boston e Roger Norrington, Tobia de *Il Ritorno di Tobia* coa Orchestra of the Age of Enlightenment e Roger

Norrington, o *Réquiem* de Mozart e o Mozo de *Das Wunder der Heliane* de Korngold coa London Philharmonic Orchestra e Vladimir Jurowski, *Intimations of Immortality* de Finzi coa BBC Symphony Orchestra e Paul Daniel, a *Misa en do menor* de Mozart coa Hallé Orchestra e Mark Elder, a *Paixón segundo San Mateu* coa Netherlands Philharmonic e Colin Davis e Elgar de *Spirit of England* na clausura dos Proms da BBC de 2007. Interpretou numerosas obras de Britten, como *Nocturne* coa BBC National Orchestra of Wales, *Serenade for tenor, horn and strings* coa City of Birmingham Symphony Orchestra, a BBC Scottish Symphony Orchestra, a BBC National Orchestra of Wales e o Nash Ensemble baixo a dirección de Edward Gardner nos Proms da BBC e *Les Illuminations* co Scottish Ensemble no Festival Internacional de Edimburgo e coa Orchestre de Picardie. A súa paixón pola canción tamén o levou a ofrecer numerosos recitais no Reino Unido e no resto de Europa, e colabora frecuentemente cos pianistas Julius Drake, Roger Vignoles, Iain Burnside e Malcolm Martineau.

A súa nutrida discografía inclúe catro álbums solistas (*Cancións de Strauss* con Roger Vignoles para Hyperion, *On Wenlock Edge* co Dante Quartet baixo a dirección de Simon Crawford Philips para Signum Classics, *The Dark Pastoral* con Julius Drake e Simon Russell Beale para Altara Classics e *The Curlew* con Simon Lepper para Landor Records) e dous discos de recitais con Iain Burnside (*On Buying A Horse* e unha gravación de cancións de Liszt para Signum Classics). A finais deste ano, gravará o seu primeiro álbum orquestral de arias de Gluck, Berlioz e Mozart.

Proximamente debutará na Scala o papel de Tom Rakewell, interpretará o papel de Pastor de *Tristán e Isolda* no Festival de Glyndebourne e actuará coa BBC Philharmonic e Gianandrea Noseda, a Philharmonia Orchestra e Esa Pekka Salonen e a Royal Philharmonic Orchestra e Daniele Gatti. Así mesmo, ofrecerá recitais no Wigmore Hall con Malcolm Martineau e Roger Vignoles e interpretará outros papeis principais na Houston Grand Opera, a Welsh National Opera, a Ópera Nacional de Lión e a Grange Park Opera.

ROGER VIGNOLES *piano*

O pianista Roger Vignoles é internacionalmente recoñecido como un dos músicos e pianistas acompañantes máis distinguidos do mundo. Acompaña habitualmente aos mellores cantantes nos máis importantes auditorios e salas de concertos, e está considerado como unha destacada autoridade no repertorio da canción.

Inspirado ao escoitar a Gerald Moore, ao deixar a universidade decidiu dedicarse á carreira de pianista acompañante, completando a súa educación musical co distinguido mestre vienés Paul Hamburger. Desde ese momento, a crítica do mundo enteiro recoñeceu as súas grandes calidades como intérprete. Na súa carreira, que abrangue xa as catro décadas, colaborou con destacados cantantes como Elisabeth Söderström, Dame Kiri Te Kanawa, Sir Thomas Allen, Olaf Bär, Barbara Bonney, Kathleen Battle, Christine Brewer, Brigitte Fassbaender, Bernarda Fink, Susan Graham, Thomas Hampson, Wolfgang Holzmair, Lorraine Hunt Lieberson, Dame Felicity Lott, Mark Padmore, John Mark Ainsley, Joan Rodgers e Sarah Walker.

Na tempada 2007-2008 actuou con Christine Brewer, Miah Persson, Genia Kühmeier, Anne Schwanewilms, Bernarda Fink, Mark Padmore, John Mark Ainsley, Wolfgang Holzmair e Robert Holl en lugares como o Wigmore Hall, Philharmonie Cologne, Vienna Konzerthaus, Vienna Musikverein, Schubertiade Schwarzenberg, Bonn Beethovenfest e no Teatro da Zarzuela de Madrid. Fixo tamén extensas xiras por Norteamérica con Kate Royal e Measha Bruggersosman.

Ademais de ofrecer recitais, dedica unha gran parte da súa actividade a idear e dirixir programas e festivais de canción. Creou varios ciclos no Queen Elizabeth Hall de Londres, como *Young Brahms*, *Landscape into Song* (unha homenaxe a Schubert) e *Scenes from Schumann*. De 1998 a 2002 foi director artístico do Nagaoka Winter Festival de Xapón, e dende 2002 codirector artístico do Ciclo de Lied de Santiago de Compostela. En 2007 foi director artístico do festival Leeds Lieder Plus, unha fin de semana dedicada á canción xunto a artistas como Mark Padmore, Measha Bruggersosman, Florian Boesch e Elizabeth Watts.

A súa extensa discografía inclúe gravacións moi eloxiadas –dende o lied alemán até a *mélodie* francesa, pasando pola canción española e a canción de cabaré– con artistas como Susan Graham, Sir Thomas Allen, Dame Kiri te Kanawa, Sarah Walker, Anthony Rolfe Johnson, Joan Rodgers e Véronique Gens. Cabe destacar as súas gravacións de Schumann e Brahms con Bernarda Fink para Harmonia Mundi e, para Hyperion, as gravacións de Britten, Tippett e Finzi con Mark Padmore, a gravación en curso da integral de cancións de Strauss con Christine Brewer, Anne Schwanewilms e Andrew Kennedy e o *Schwanengesang* de Schubert con Robert Holl. Proximamente aparecerán no mercado os *Donne Sonnets* e *Winter Words* de Britten con Mark Padmore en Harmonia Mundi, e o cuarto volume da integral de Strauss con Christopher Maltman e Alastair Miles.

Roger Vignoles é tamén un extraordinario profesor, e impartiu *masterclasses* en Ámsterdam, Bruxelas, Copenague, Estocolmo, Nova York, Boston, Baltimore, Montreal e Toronto. Acude regularmente á Universidade de Indiana (Bloomington) así como ao Britten-Pears Young Artists' Programme en Snape, e é Prince Consort Professor of Accompaniment no Royal College of Music de Londres. Dende 2004 dirixe o Sommer Lied Weinberg, un curso na Alta Austria para cantantes e pianistas.

Os seus compromisos futuros inclúen unha xira con Kate Royal e Christine Rice, recitais no Wigmore Hall con Mark Padmore, Miah Persson, Elizabeth Watts e Andrew Kennedy, recitais da BBC en St. Luke, concertos con John Mark Ainsley, Bernarda Fink, Thomas Allen, Felicity Lott e Renata Pokupic e unha xira por Xapón con Mihoko Fujimura. En 2009-10 presentará un ciclo de Strauss no Wigmore Hall de Londres.

5

OS GRANDES MESTRES DO LIED ALEMÁN

BIRGID STEINBERGER *soprano*

JULIUS DRAKE *piano*

xoves 7 de maio de 2009

Círculo das Artes

20:30

programa

PARTE I

FRANZ SCHUBERT (1797-1828)

Der liebliche Stern D 861

Der Winterabend D 938

An den Mond D 259

Der Fluß D 693

Ellens erster Gesang: Raste, Krieger D 837

Ellens zweiter Gesang: Jäger, ruhe von der Jagd D 838

Ellens dritter Gesang: Ave Maria D 839

PARTE II

HUGO WOLF (1860-1903)

Italienisches Liederbuch (selección)

Auch kleine Dinge

Gesegnet sei das Grün

Wer rief dich denn

Du denkst mit einem Fädchen

Du sagst mir, dass ich keine Fürstin sei

Wir haben beide lange Zeit geschwiegen

Ich esse nun mein Brot nicht trocken mehr

Mein Liebster ist so klein

O wär dein Haus

Wenn du mein Liebster steigst zum Himmel auf

GUSTAV MAHLER (1860-1911)

Des Knaben Wunderhorn (selección)

Rheinlegendchen

Ich ging mit Lust durch einen grünen Wald

Hans und Grete

Wer hat dies Liedlein erdacht?

currículos

BIRGID STEINBERGER *soprano*

Naceu en Burghausen (Bavaria) e estudou en Salzburgo, Hannóver e Basilea. O seu debut operístico produciuse no Schlossfestspiele de Heidelberg co papel de Despina de *Così fan tutte*. Tras a súa actuación na Ópera de Basilea, pasou a formar parte do conxunto da Staatsoper de Viena e da Volksoper de Viena e axiña se converteu nunha das intérpretes preferidas do público, tanto en óperas coma en operetas. Salientan as súas interpretacións de papeis coma Susanna de *As vodas de Fígaro*, Despina de *Così fan tutte*, Zerlina de *Don Giovanni*, Servilia de *La clemenza di Tito*, Pamina de *A frauta máxica*, Ännchen de *Der Freischütz*, Gretel de *Hansel e Gretel*, Adele de *Die Fledermaus*, Franziska de *Wiener Blut*, Valencienne de *Die lustige Witwe*, Hortense de *Opernball*, Helene e Franz de *Walzertraum*, Christel de *Der Vogelhändler* e Arsena de *Der Zigeunerbaron*. Foi moi aplaudida recentemente pola súa interpretación de papeis tan diferentes e complexos coma Adina de *L'elisir d'amore* de Donizetti e Titania de *O soño dunha noite de verán* de Britten.

Realizou aparicións especiais en Stuttgart, no Bregenzer Festspiele (como Marzelline de *Fidelio*), na Schubertiade de Feldkirch (Colonia), no Festival Mozart in Schönbrunn de Viena, no Seefestspiele Mörbisch (como Christel de *Der Vogelhändler* de Zeller), na Staatoper de Berlín en numerosas ocasións (onde interpretou *Zar und Zimmermann* e *Der Freischütz*), na Deutsche Oper de Berlín (onde interpretou *The Merry Wives of Windsor*) e na Bayerische Staatsoper de Múnic, onde interpretou con grande éxito o papel de Adele nunha nova produción de *Die Fledermaus* baixo a dirección de Simone Young e, posteriormente, Zubin Mehta.

Alén dos seus compromisos operísticos, forxouse unha sólida reputación nacional e internacional nos escenarios concertísticos, en particular na interpretación de cancións. As súas actuacións levárona a Florencia, Helsingborg, Colonia, Lisboa, Nova York, París, San Petersburgo, Stuttgart e Viena, entre outras cidades. Na actualidade, compaxina esta actividade coa ensinanza de canto e oratorio no Conservatorio de Viena.

JULIUS DRAKE *piano*

Vive en Londres e está especializado no campo da música de cámara. Traballa con moitos dos principais artistas vocais e instrumentais a nivel internacional, tanto en recitais como en gravacións.

Actuou nos centros musicais máis importantes. As últimas tempadas levárono a celebrar concertos en Aldeburgh, Edimburgo, Múnic, Salzburgo, nas Schubertiade, no Festival de Tanglewood, no Carnegie Hall e no Lincoln Centre de Nova York, no Concertgebouw de Amsterdam, no Châtelet e no Museo do Louvre de París, no Musikverein e no Konzerthaus de Viena, no Wigmore Hall e nos Proms da BBC en Londres.

Foi director artístico do Festival Internacional de Música de Cámara de Perth en Australia entre 2000 e 2003, así como director musical da montaxe de Deborah Warner do *Diary of One who Vanished* de Janacek, que se representou en Múnic, Londres, Dublín, Amsterdam e Nova York. En 2009 foi nomeado director artístico dos festivais de lied de Leeds e Machynlleth (Gales).

O apaixonado interese de Julius Drake pola canción levouno a organizar ciclos de cancións para o Wigmore Hall de Londres, para a BBC e para o Concertgebouw de Amsterdam. O ciclo de recitais de cancións *Julius Drake and Friends*, celebrado no histórico Middle Temple Hall de Londres, incluíu recitais con grandes artistas como Sir Thomas Allen, Olaf Bär, Ian Bostridge, Phillip Langridge, Angelika Kirchschrager, Sergei Leiferkus, Dame Felicity Lott, Katarina Karneus, Christopher Maltman, Mark Padmore, Christoph Pregardien, Amanda Roocroft, Jose Van Dam e Sir Willard White.

Julius Drake acode con frecuencia aos festivais internacionais de música de cámara, como o de Kuhmo (Finlandia), Delft (Holanda), Oxford (Inglaterra) e West Cork (Irlanda). O seu dúo instrumental con Nicholas Daniel foi descrito no xornal *The Independent* como “un dos máis satisfactorios na música de cámara británica: vital, reflexivo e dunha integridade musical do máis alto nivel”.

Julius Drake imparte clases na Royal Academy of Music de Londres e no Royal Northern College of Music, e adoita impartir clases maxistras, as máis recentes en Amsterdam, Bruxelas, Oxford, París, Viena e no Instituto Schubert de Baden bei Wien. Por outra parte, foi invitado a formar parte do xurado do Concurso Internacional de Piano de Leeds na edición do 2009.

As súas gravacións inclúen cancións francesas con Hugues Cuenod (Chandos), sonatas francesas con Nicholas Daniel (Virgin), cancións de Britten con Derek Ragin (Etcetera), lieder de Schumann con Sophie Daneman (EMI), cancións de Gurney con Paul Agnew (Hyperion), cancións de Sibelius e Grieg con Katarina Karneus (Hyperion), sonatas de Shostakovitch con Annette Bartholdy (Naxos), lieder de Mahler con Christianne Stotijn (Onyx), cancións españolas con DiDonato (Eloquencia), sonatas de Schoeck con Christian Poltera (Bis), cancións inglesas con Andrew Kennedy (Altra), unha gravación ‘Wigmore Live’ con Christopher Maltman e pezas de Haydn, Schumann e Mahler con Coote (EMI). As súas gravacións con Ian Bostridge para EMI recibiron numerosos galardóns, e entre elas atópanse lieder de Schumann, Schubert, Henze, *The English Songbook* de Britten e *La Bonne Chanson*. As súas recentes gravacións con Gerald Finley para Hyperion (Ives, Barber e Schumann) foron moi eloxiadas, e o seu disco de cancións de Samuel Barber gañou o premio Gramophone en 2008.

Nas próximas tempadas cómpre salientar os concertos dedicados a Schubert no Carnegie Hall de Nova York con Ian Bostridge; a aparición no mercado das gravacións ‘Wigmore Live’ con Gerald Finley e con Lorraine Hunt Lieberson; recitais en Nova York e Londres con Alice Coote; cancións de Tchaikovsky para Onyx con Christianne Stotijn; recitais en Ulm e Londres con Diana Damrau, e dúos e cuartetos de Schumann con Röschmann, Kirchschrager, Bostridge e Quasthoff na Schubertiade de Austria e en Hamburgo, Londres e Viena.

6

O CORPUS DOS NENOS (CONCERTOS EN FAMILIA I) - recomendado para nenos entre 3 e 9 anos
MÚSICA PARA NENOS (CASE RECÉN NACIDOS)

ACUÑA'S JAZZ-BAND

JOSÉ ACUÑA FERNÁNDEZ *director*

JOSÉ ANTONIO ABAD *presentador*

MARÍA ABAD *narración*

Círculo das Artes

sábado 9 de maio de 2009

18:00

programa

ALOUETTE

Antiga canción francesa coñecida hai máis de douscentos anos e cantada en todo o mundo

DÚRMETE NENO

Fermosa canción de berce de Brahms, de tal éxito que a electrónica a adaptou para ser interpretada por innumerables maquiñas e xoguetes relacionados co mundo do bebé.

CANCIÓN DO ALFABETO

Canción infantil inglesa que aínda hoxe se utiliza para a aprendizaxe de letras do alfabeto inglés. Cántase en todas as escolas infantís onde aprenden inglés. Data de 1800.

PAPI, PAPI

Conta a historia dunha nena que desexa ter un coche, pero tense que contentar cunha bici do seu papi.

O CAPITÁN

Esta canción recrea a imaxinación de millóns de nenas e nenos que aspiran a ser capitán.

CAMPTOWN RACES

Esta canción foi escrita en 1800 polo compositor americano Stephen Foster. Tivo tal éxito en todo o mundo que se venderon máis de cinco mil copias a 2 céntimos a copia.

BELOS XIRASOLES

Este tema tradicional infantil foi escrito para educar as nenas e os nenos dende a súa máis temperá idade no aprecio á natureza.

Acuña's Jazz-Band

Ana María Cibreiro, voz

Beatriz Estévez, frauta traveseira

Hannah Graser, trompeta

Víctor Vázquez, saxo alto

Augusto Vázquez, saxo tenor

Angélica Nistal, piano

José L. Montañés, baixo eléctrico

Naima Acuña, batería

José Acuña Fernández, director e arranxos

José Antonio Abad Varela, presentador e textos

María Abad, narradora

currículos

JOSÉ ANTONIO ABAD VARELA

Psicólogo e pedagogo, realizou os seus estudos en Italia, Irlanda e na Universidade de Sevilla. Especialista en psicoloxía infantil, está dedicado ao mundo infantil tanto na clínica como en proxectos educativos. Escribiu varios contos infantís: *O coelliño branco, rebranco, Timoteo, o amigo fiel, Irmá lobo, O oso fabuloso, Hércules e Crunia, Giuliano o neno do clarinete, O avó Saxo, Con ollos de cigoiña*, etc. Durante máis de dez anos foi director e psicólogo do Centro Infantil Pino Montano de Sevilla e, máis tarde e durante quince anos, exerceu como xefe do Departamento de Divulgación da Música na Orquestra Sinfónica de Galicia e desenvolveu o programa educativo municipal Aprender a Música do Concello da Coruña. Durante os tres últimos anos iniciou e organizou os Domingos no MACUF (Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa), un ciclo de concertos didácticos familiares.

JOSÉ ACUÑA FERNÁNDEZ

Licenciado en harmonía, arranxo, composición e música de jazz pola Guildhall School of Music and Drama de Londres, debutou en 1978 co guitarrista británico Ike Issacs. Participou en numerosos festivais en España e no estranxeiro como o Edimburg Jazz Festival, Royal Festival Hall, Brentwood Festival, etc. Tocou con músicos do talle de Scott Stroman, Norma Winstone, John Taylor, Ducan Lamont e Bryan Trainor, entre outros. Obtivo dous premios, en 1985 e 1987, no Bing Band Contest británico e conta cunha ampla discografía. Organizou e dirixiu os prestixiosos Seminarios de Jazz da Coruña, e actualmente é director da Escola Municipal de Música da Coruña e da súa Aula de Jazz.

7

HOMENAXE A PAU CASALS

THOMAS PIEL *violoncello*

Fundación Caixa Galicia
martes 12 de maio de 2009
20:30

programa

GRACIANE FINZI (N. 1945)

Tema e variacións sobre El Cant dels Ocells para violoncello só (2004)

CRISTÓBAL HALFFTER (n. 1930)

Solo (Canto dun paxaro ferido), para violoncello só (2000)

GASPAR CASSADÓ (1897-1966)

Suite para violoncello só

currículum

THOMAS PIEL *violoncello*

Naceu en Colonia (Alemaña) en 1974, comezou os seus estudos musicais no conservatorio da súa cidade natal e continuou a súa formación na Folkwang-Musikhochschule de Essen con Christoph Richter, onde no ano 2000 obtivo o seu diploma de honra. Posteriormente realizou un curso de posgrao coa profesora Ksenija Jankovich. Recibiu tamén clases de Yvan Chiffolleau en Lión (Francia), Siegfried Palm e Thomas Demenga, e no marco do Folkwang-Festival tocou nunha clase maxistral para Mstislav Rostropovich. Durante os seus estudos colaborou coa Junge Deutsche Philharmonie e a orquestra de cámara desta institución, o Ensemble Resonanz, onde tivo a oportunidade de

traballar con músicos como Lothar Zagrosek, Rudolph Barchai, Thomas Zehetmair, Tabea Zimmermann, David Geringas, Rainer Schmidt, David Shallon e Tatjana Grindenko. Entre os seus numerosos concertos de música de cámara cómpre salientar aparicións cos pianistas Vassily Lobanov e Pascal Devoyon, coa violista Diemuth Poppen e co violoncellista Dimitri Ferschtman.

En 1998 foi cofundador do *Ensemble eMeX*, especializado en música contemporánea, co que ofreceu numerosos concertos por toda Europa. Con eles tivo a posibilidade de traballar con compositores como Nicolaus A. Huber, Sven Ingo Koch, York Hoeller, Valerio Sannicandro, Erik Janson, Gerhard Staebler, Carola Bauckholt, María Cecilia Villanueva e Isabel Mundry, entre outros, na estrea das súas obras. Tamén estreou obras para violoncello solo de Luis Antunes Peña e Martin Schuettler.

Foi ademais, entre 1997 e 2001, primeiro violoncello solista da Westphaelische Kammerphilharmonie Guetersloh, coa que interpretou en marzo de 2001 *Introduktion, Thema und Variationen* para violoncello solo e cordas de Hans Werner Henze, en importantes salas de concerto de Alemaña. No 2000 participou na oitava edición da academia orquestral da Bayerischer Rundfunk baixo a dirección de Mstislav Rostropovich.

Desde o ano 2001 é membro da Real Filharmonía de Galicia e forma parte de varios grupos de cámara, entre eles Chelicia, grupo de violoncellos de Compostela. Ademais ensina violoncello na Escola de música Berenguela en Santiago de Compostela. O seu labor pedagóxico comprende tamén colaboracións coa Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (música de cámara) e nos cursos de verán “Música en Compostela”, nos que no 2007 substituíu a Marçal Cervera nas clases de violoncello. O seu especial interese polos grandes violoncellistas do pasado levouno a facer recitais e conferencias sobre Gaspar Cassadó e Pau Casals. Os seus próximos proxectos son homenaxes a Enrico Mainardi, Siegfried Palm e Paul Tortelier.

8

GALA DE ÓPERA: ROSSINI E DONIZETTI

CARLOS CHAUSSON *baixo-barítono*

ROCÍO IGNACIO *soprano*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

Círculo das Artes

xoves 14 de maio de 2009

20:30

programa

PARTE I

GIOACCHINO ROSSINI (1792-1868)

Il viaggio a Reims

“Partir, oh ciel! desio” (aria da Condessa de Folleville) soprano

La Cenerentola

“Sia qualunque delle figlie” (aria de Don Magnifico) barítono

Semiramide

“Bel raggio lusinghier” (cavatina de Semiramide) soprano

Il barbiere di Siviglia

“La calunnia” (aria de Basilio) barítono

Il turco in Italia

“Per piacere alla signora” (dúo de Geronio e Fiorilla) soprano / barítono

PARTE II

GAETANO DONIZETTI (1797-1848)

Anna Bolena

“Piangete voi?” (aria de Anna Bolena) soprano

Don Pasquale

“Un foco insolito” (aria de Don Pasquale) barítono

L'elisir d'amore

“Prendi, per me sei libero” (aria de Adina) soprano

“Udite, udite, o rustici” (aria de Dulcamara) barítono

“Quanto amore!” (dúo de Adina e Dulcamara) soprano / barítono

currículos

CARLOS CHAUSSON *baixo-barítono*

Naceu en Zaragoza e iniciou os estudos na Escola Superior de Canto de Madrid baixo a supervisión da profesora Lola Rodríguez Aragón. Posteriormente trasladouse a Estados Unidos, onde ampliou os seus estudos e obtivo o Master of Music na Universidade de Michigan. Comezou a súa carreira en San Diego (EUA) cantando o papel de Masseto de *Don Giovanni* e colaborou coas principais compañías operísticas dos Estados Unidos (Pittsburgh, Boston, Miami, New York City Opera, etc.) até entrar plenamente no círculo internacional actuando en todos os grandes teatros do mundo (Staatsoper de Viena, Zúric, a Scala de Milán, Liceo de Barcelona, Teatro da Zarzuela de Madrid, etc.) xunto a moitos dos nomes máis grandes do canto e a dirección, como Mirella Freni, Montserrat Caballé, Ileana Cotrubas, Beverly Sills, Claudio Abbado, Plácido Domingo, Ruggero Raimondi, Luis Lima e un longo etcétera. Cabe destacar o seu debut na Scala de Milán co papel de Michonnet de *Adriana Lecouvreur* baixo a dirección de Gianandrea Gavazzeni.

Canta habitualmente en todas as tempadas de ópera españolas interpretado *O barbeiro de Sevilla*, *La forza del destino*, *Don Giovanni*, *El gato montés*, *La Cenerentola*, *L'elisir d'amore* ou *A italiana en Arxel*, entre outras. Así mesmo, é invitado habitual da Ópera de Zúric, na que cantou *O barbeiro de Sevilla* (nunha nova produción con Nello Santi), *As vodas de Fígaro* e *Così fan tutte* con Nikolaus Harnoncourt, *A italiana en Arxel*, *Adriana Lecouvreur*, *La fille du regiment*, etc.

Nas últimas tempadas cómpre salientar *O barbeiro de Sevilla* na Staatsoper de Berlín, Hamburgo, A Coruña e Madrid; *La Cenerentola* en París, Dresde, Zúric, Roma e Bilbao; *Don Pasquale* en Madrid; *L'elisir d'amore* en Zúric e Xenebra (nova produción); *Così fan tutte* en Lausanne, Oviedo, Zúric e Staatsoper de Berlín (con Daniel Barenboim); *A italiana en Arxel* en Múnic; *La forza del destino*, *As vodas de Fígaro* e *La Cenerentola* no Teatro Real de Madrid; *As vodas de Fígaro* na Staatsoper de Viena; *Così fan tutte* (nova produción), *Il Trovatore* e *Fedora* (con Mirella Freni) en Zúric; *Don Giovanni* (Leporello) na Coruña e Málaga; *O barbeiro de Sevilla* na Bastilla de París, Teatro Real de Madrid e Metropolitan de Nova York.

Gravou en compacto *El gato montés*, *Doña Francisquita* e *Merlín* con Plácido Domingo e *Le Maschere* de Mascagni. Para a televisión alemá participou en retransmisións de *La belle Helene* de Offenbach e *As vodas de Fígaro* baixo a dirección de Nikolaus Harnoncourt e gravou en dvd as óperas *As vodas de Fígaro*, *Così fan tutte*, *La belle Helene* e *O barbeiro de Sevilla* (baixo a dirección de Nello Santi).

ROCÍO IGNACIO GIRÓN *soprano*

Naceu en Sevilla, onde cursou os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música Francisco Guerrero. Graduouse como profesor de piano, como profesor superior de solfexo, teoría da música, transporte, acompañamento e repentización e, no Conservatorio de Córdoba, como profesor superior de canto con matrícula de honra. Con só dezaseis anos interpretou como soprano solista o *Réquiem* de Fauré e é no campo do oratorio onde desenvolve a súa carreira até chegar á ópera. Cantou a *Misa nº 1 en re maior* de Bruckner, o *Magnificat* e as *Cantatas nº 202 e 51* de Bach, o *Gloria* de Vivaldi, *Exsultate, Jubilate* de Mozart, *Oda a Santa Cecilia* de Haendel, *Stabat Mater* de Pergolesi, *Misa en do menor* de Mozart, etc., e tamén interpretou as óperas *Margot* de Joaquín Turina e *O pequeno desenfeluzador* de Benjamin Britten. Obtivo galardóns en numerosos concursos como o Concurso para Novos Solistas en Sevilla (primeiro premio, 1998), o Concurso Internacional Pedro Lavirgen (premio Mellor voz andaluza, 2002), Concurso internacional de Rocca delle

Macie (finalista e diploma, 2006), Concurso internacional de Como (finalista no 2007) e o concurso Internacional de Irún (terceiro premio, 2007).

En 2003 realiza actuacións en distintas galas de ópera en Málaga, Pamplona, Barcelona e Benalmádena, aínda que o seu auténtico debut operístico é, xunto ao barítono Carlos Álvarez e con grande éxito de público e crítica, con *Rigoletto* na Coruña e Santander en decembro de 2003. As súas últimas actuacións inclúen *Rigoletto* en Xerez; *Marina* en Murcia, Valladolid, Santander, Bilbao e Málaga (2009); *Lelisir d'amore* en Córdoba, Málaga e no I Festival de Ópera de Banicassim (2008); *Doña Francisquita* no Teatro Colón de Bos Aires, Santander, Málaga, Menorca e Xixón; *El caserío* en Málaga; *Werther* en Jesi (Italia) e *Il viaggio a Reims* en Bilbao (2008). Ademais realizou galas de ópera en España e Europa, en cidades como San Sebastián, Xixón, Santiago de Compostela, Sevilla, Menorca, Albacete, Xaén, Santa Cruz de Tenerife, Ceuta, Elda, Alacante, Lleida, Valencia (Palau de Les Arts, 2008 e 2009), Brno (Chequia), Londres, Castellina in Chianti e Como (Italia), etc. Recentemente (2007) estreou en Sevilla a obra *De Profundis*, unha obra sinfónica flamenca de David Hurtado.

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

Nace en Barakaldo (Biscaia) en 1974. En 1996, concedeulle unha bolsa a Deputación Foral de Biscaia, e trasládase a Viena. Durante tres anos realizou na capital austríaca estudos de correpetición (música de cámara e acompañamento de cantantes) cos profesores D. Lutz, F. Fanning e C. Stanisheff. Alí traballou para a axencia internacional Yehudi Menuhin, live music now, e ofreceu concertos por toda Austria. Posteriormente perfeccionou os seus estudos en Múnic e recibiu os consellos de Félix Lavilla e Wolfgang Rieger.

Realiza labores de repertorista en cursos e clases maxistras de importantes cantantes (Renata Scottó, Simon Estes, Walter Berry, Ileana Cotrubas, etc.), profesores de canto (Ana Luisa Chova e Enrique Viana) e directores de escena (Emilio Sagi), foi pianista oficial do concurso Operalia 2006 (presidido por Plácido Domingo) e colabora tamén co Concurso Internacional de Canto de Bilbao, o Teatro Real de Madrid e o Teatro da Maestranza de Sevilla.

Ofrece recitais con prestixiosos cantantes como Ainhoa Arteta, Carlos Álvarez, Cristina Gallardo-Dómas, Ismael Jordi, Elena de la Merced, José Manuel Zapata, Nancy Fabiola Herrera, Carlos Chausson, Isabel Monar, Josep Miquel Ramón, Eglise Gutiérrez, José Luis Sola, Manuela Custer, David Menéndez, Marina Rodríguez Cusí, José Antonio López, Isabel Rey ou Mariola Cantarero entre outros, cos bailaríns Ángel Corella e Igor Yebra e co Orfeón Donostiarra.

É pianista residente do Festival de Zarzuela de Santiago de Compostela, do Festival Internacional de Música de Medina del Campo (Valladolid) e do ciclo Vive la Lírica de Telde (Gran Canaria). Ademais actuou nos festivais internacionais de Granada, Perelada, Santander, Quincena Musical Donostiarra, Mozart da Coruña, Festival de Música Española de Cádiz e Schubertiada de Villabertrán, etc., así como en importantes escenarios de Europa (Teatro de La Monnaie de Bruxelas), América (Carnegie Hall de Nova York), Oriente Medio (Damasco) e África (Arxel).

9

A MÚSICA DE CÁMARA: SONATAS PARA VIOLÍN E PIANO

MASSIMO SPADANO *violín*

ALEXANDER SCHMALCZ *piano*

Círculo das Artes

venres 15 de maio de 2009

20:30

programa

PARTE I

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sonata para violín e piano nº 1 en re maior op 12 nº 1

JOHANNES BRAHMS (1833-1897)

Sonata para violín e piano nº 2 en la maior op 100

PARTE II

JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sonata para violín e piano en sol maior

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Sonata para violín e piano nº 1 en la menor op 105

currículos

MASSIMO SPADANO *violín*

Naceu en Lanciano e iniciouse na música da man de Octavio Michel Corona. Estudou en L'Aquila con Eleonora Pontano e Fulvio Leofreddi, onde recibiu as máximas cualificacións. Posteriormente, obtivo o diploma de solista na Universidade de Utrecht baixo as ensinanzas de Victor Liberman e Philippe Hirschhorn.

Desde 1995 é director da Orquestra de Cámara da Sinfónica de Galicia, coa cal interpretou un vasto repertorio, desde Vivaldi e Bach ata Stravinski e García Abril. Dirixiu a Academy of Ancient Music na Filharmónica de Múnic e en Londres, a Orquestra de Granada, a Orquestra Sinfónica do Vallés no Palau de la Música de Barcelona, a Orquestra do Norte de Portugal e a Orquestra Sinfónica de San Remo. Diplomouse en dirección de orquestra baixo as ensinanzas de Donato Renzetti.

Foi membro da European Community Youth Orchestra e primeiro e segundo violín en diversas formacións coas cales actuou nas salas máis importantes de Europa, Estados Unidos, Sudamérica, Asia, África e Oriente Medio. Como músico de cámara apareceu en festivais e tempadas musicais de Berlín, Salzburgo, París, Madrid, Montpellier, Florencia, Barcelona, Wiesbaden, Amsterdam, Palermo e Nauplia con Victoria Mullova, Christian Zacharias, Katia e Marielle Labèque, Alexander Lonquich, Enrico Dindo e incluso Gérard Depardieu e Alessandro Baricco.

Dedica gran parte das súas actividades á interpretación con instrumentos orixinais e á investigación. Colaborou na edición de varios volumes de música barroca coa orquestra barroca Camerata Anxanum, da cal foi membro fundador. Desde 1994 é segundo violín da Orquestra Sinfónica de Galicia e, tamén como segundo violín, colaborou coa Orquestra Nacional de Lión, a Orquestra de Cámara de Lausana, a Academia de Santa Cecilia, a Orquestra Sinfónica de Tenerife, o Teatro Liceu de Barcelona, a Orquestra Nacional de España e os grupos barrocos Hesperion XX e Les Concert de Nations baixo a dirección de Jordi Savall, o Ensemble Zefiro, o Ensemble Baroque de Limoges baixo a dirección de Christophe Coin e en París coa Chambre Philharmonique fundada e dirixida por Emmanuel Krivine.

Gravou discos con numerosos selos discográficos, como Auvidis Astrée, Bongiovanni, Denon e Opus 111, e recibiu un dos recoñecementos discográficos franceses máis prestixiosos, o Choc Musique, pola gravación de sonatas de Reickard para Auvidis Astrée. En Cambrey (Francia) recibiu o título honorífico de Laureate Juventus en 1996. Para Naxos gravou os tres cuartetos de Arriaga coa Camerata Boccherini, fundada por el mesmo, e proximamente gravará a obra completa para cuarteto de Manuel Canales cos Stradivarius do Palacio Real de Madrid. En Sony publicaranse dúas gravacións dedicadas aos concertos para varios instrumentos de Fasch e Mozart co Ensemble Zefiro.

ALEXANDER SCHMALCZ *piano*

Recibiu as súas primeiras leccións de piano como integrante do Kreuzchor de Dresden, do cal formou parte entre 1979 e 1988. Estudou con Alexander Warenberg no Conservatorio de Utrecht e con Iain Burnside e Graham Johnson na Guildhall School of Music and Drama de Londres. Foi galardoado con numerosos premios, incluído o Gerald Moore Award de 1996 e o Megan Foster Accompanist Prize.

Actúa con frecuencia nos centros culturais máis importantes de Europa, América e Xapón, así como en festivais internacionais e salas de concertos coma o Wigmore Hall de Londres, a Schubertiade de Schwarzenberg, o Concertgebouw de Ámsterdam, a Royal Opera House Covent Garden e o Kennedy Center de Washington. Como pianista acompañante traballa con frecuencia con cantantes de renome internacional coma Matthias Goerne, Peter Schreier, Grace Bumbry, Stephan Genz, Eva Mei e Doris Stoffel. No que respecta á música de cámara, cómpre salientar a súa colaboración co Petersen Quartett.

Desde 1999 é profesor no Conservatorio Robert Schumann de Dusseldorf. Recentemente acompañou a Matthias Goerne nunha clase maxistral conxunta no Wigmore Hall de Londres. Así mesmo, foi convidado a formar parte do xurado do concurso Das Deutsche Romantische Lied en Múnic.

Entre as súas actuacións recentes e futuras salientan de maneira especial os recitais no Musikverein de Viena, a Philharmonie de Berlín, o Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica de Colonia, o Festival de Primavera de Praga, os festivais de Schwetzingen, Salzburgo e Schleswig-Holstein, así como diversas xiras por América do Norte e Xapón.

10

O CORPUS DOS NENOS (CONCERTOS EN FAMILIA 2) (recomendado para nenos a partir de 3 anos)
AMOR, ¡NON DURMAS MÁIS! MÚSICAS ANTIGAS PARA AS FÁBULAS, CONTOS E ROMANCES DE SEMPRE

RESONET

Círculo das Artes
sábado 16 de maio de 2009
18:00

programa

¿QUEN QUERE ENTRAR COMIGO NO BARCO?

Ai, que neno (Popular: Cancioneiro de Torner e Bal y Gay)

Quien quiere entrar conmigo en el barco (Gabriel Bataille)

El baxel está en la playa (Gabriel Bataille)

AMOR, ¿QUE AGARDAS?

Non che canto por cantare (Popular: Cancioneiro de Torner e Bal y Gay)

Aria de Florencia (Manuscrito Chiggi Códex Q IV28)

Amor, non dormir più (Amor, non durmas máis) (Barbara Strozzi)

Rotta dell'Aria de Florencia (Manuscrito Chiggi Códex Q IV28)

Amor ch'attendi (Amor, ¿que agardas?) (Giulio Caccini)

¡AY, AY, AMOR!

Sentirete una canzonetta (Tarquinio Merula)

Ciaccona (Francesco Corbetta)

Es el amor (Anónimo)

TRALALALÁ

O conde Alario (Romance: Cancioneiro Casto Sampedro)

La Pernette (Romance popular francés)

Chaconne (Robert de Visée. Manuscrito Vaudry de Sazennay)

Musette (François Couperin)

NON PODE FERIR AMOR

Este neno ten soniño (Popular)

Chiaccona (Alessandro Piccinini)

Noe, noe (Bonifatio Gratiani)

CUPIDO BATE AS ÁS

Vente sentar ao meu lado (Popular)

Danza (The Margaret Board Lute Book)

I will give my love an apple (Dareille ao meu amor unha mazá) (Popular inglesa)

Danza (The Margaret Board Lute Book)

Hark! The ech'ing air (Henry Purcell: The Fairy Queen)

E AS DAMAS SALTAN E BAILAN

Ábreme a portuña (Romance: Cancioneiro Casto Sampedro)

Folías (Gaspar Sanz)

Repicaban las campanillas (Étienne Moulinié)

RESONET

Mercedes Hernández soprano

Trinidad de Miguel percusión e colascione

Fernando Reyes tiorba, guitarras barrocas e archilaúde

currículos

RESONET

Formouse en 1990 en Santiago de Compostela, baixo o impulso de Fernando Reyes, que dirixe o grupo, e Mercedes Hernández, e tomou o seu nome dunha peza do *Códice Calixtino*. Os seus compoñentes están especializados na interpretación da música antiga nos máis prestixiosos centros de formación de Europa. Realizou numerosos concertos por toda Europa, dedicando gran atención á música relacionada con Galicia e co Camiño de Santiago, ao que ten dedicados catro compactos: *La Grande Chanson* con música de peregrinos franceses do século XVII, *Les Pellerines* con música francesa do século XVII, *¡Santiago!, música e peregrinación a Santiago no Renacemento* e *Il Pellegrino* sobre a viaxe que en 1668 e 1669 realizou Cosme III de Médici. Cómpre destacar as actuacións nos festivais Música Sacra de Maastricht (Holanda), Festival Internacional de Música de Póvoa de Varzim (Portugal), Festival Internacional de Música e Teatro medieval de Elxe, Abend Music-Lebensmusik de Innsbruck (Austria), Festival de Landshut (Alemaña), Festival Via Stellae (Galicia), Festival de Música Relixiosa de Fribourg (Suíza) e Festival de Música Antiga de Magnano (Italia). Resonet colabora habitualmente co Museo das Peregrinacións de Santiago na realización de proxectos de investigación, concertos, discos, guías didácticas e exposicións. En 2006 gravaron o compacto *Cantares Galegos de Rosalía de Castro*. Representaron á Comunidade Autónoma de Galicia na Expo de Zaragoza 2008 e vén de gravar as músicas para a exposición *Da Terra de Lemos ao Reino de Galicia*. Entre os próximos proxectos atópase a gravación dun disco dedicado ao compositor barroco José Marín e ao poeta Francisco de Quevedo e a presentación dun novo programa con músicas de Claudio Monteverdi no Festival Via Stellae 2009.

FERNANDO REYES *dirección, versións musicais, instrumentos antigos de corda pulsada*

Iniciou os seus estudos como neno cantor na Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela. Especializouse nos instrumentos antigos de corda pulsada no Conservatorio de Toulouse e na Staatliche Hochschule für Musik de Trossingen (Alemaña), onde recibiu coas máximas calificacións o diploma superior de profesor de instrumentos antigos de corda pulsada. Fundou e dirixe Resonet. Como instrumentista, solista e acompañante, realiza unha intensa actividade de concertos e gravacións en toda Europa. Ademais compuxo e dirixiu a música de diversas obras teatrais, ten publicado diversos artigos sobre música antiga e realizou varias guías musicales e libros-CD. Diplomado en Maxisterio e en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago, na que tamén foi profesor asociado na Escola Universitaria de Maxisterio (conxunto coral), impartiu numerosos seminarios e conferencias en diferentes universidades europeas. Foi profesor de instrumentos antigos de corda pulsada no curso internacional de música antiga de Vivoin (Francia) e na Escola Superior Música e Artes Escénicas de Oporto.

MERCEDES HERNÁNDEZ *soprano*

Naceu en Santiago de Compostela. Estudou canto, especializándose en música antiga, no Conservatorio de Toulouse (Francia), na Musikhochschule de Trossingen (Alemaña), e na Schola Cantorum Basiliensis (Basilea, Suíza) con profesores como Guillemette Laurens, Richard Levitt e Montserrat Figueras. Desenvolve a súa actividade profesional como solista e membro de grupos de cámara, cun repertorio centrado na música antiga, e actuou en moitos dos principais auditorios e festivais de Europa e América.

Colabora en concertos e gravacións con destacados grupos como La Capella Reial de Catalunya que dirixe Jordi Savall, Le Parlement de Musique dirixido por Martin Gester, o Ensemble Elyma do arxentino Gabriel Garrido, o Harp Consort que dirixe Andrew Lawrence King, La Fenice de Jean Tubery, A Corte Musical dirixida por Rogerio Gonçalves, etc. No que se refire á ópera cantou, baixo a dirección de Jordi Savall, o papel de Alecto de *Celos aun del aire matan* de Juan Hidalgo, o de Anima Beata de *La rappresentazione de anima e corpo* de Emilio Cavallieri (no 2004 en Graz, Austria) e en 2002 debutou no Gran Teatre del Liceu de Barcelona co papel de Ninfa de *L'Orfeo* de Claudio Monteverdi. Con Gabriel Garrido interpretou a Ninfa do *Orfeo* de Monteverdi e Clito de *La virtu d'itali d'amore* de Cavalli. No 2004 e 2006 cantou *La serva padrona* de Pergolesi en Xenebra. Impartiu cursos de canto en Santiago de Compostela, Barcelona, Freiburg (Alemaña) e na Habana.

TRINIDAD DE MIGUEL *percusión e colascione*

A súa formación musical está ligada a diversas experiencias musicais relativas á música vocal e a música instrumental. No Conservatorio de Santiago realizou estudos de música e de piano e no Orfeón Terra a Nosa (ao que pertenceu máis de oito anos) e participou como soprano en todas as producións que incluíron programas de música polifónica de autores renacentistas e barrocos, de música sinfónica e óperas dos máis importantes autores da historia. Tamén colaborou na orquesta do Conservatorio de Noia, tocando a viola, achegándose dende a perspectiva instrumental á obra de autores como Haydn ou Mozart. Como integrante de Resonet, colabora en diferentes proxectos como o libro e cd *Zarabanda para o Gran Duque* e os programas de concerto *Un conto napolitano*, *Exeria, músicas para unha exposición*, *Floralba, cantos e romances de Galicia*, *Cantares Galegos de Rosalía de Castro*, etc.

11

OS NÓSOS COMPOSITORES: PAULINO PEREIRO E A MÚSICA DE SALÓN *estrea mundial*

GRUPO INSTRUMENTAL SÉCULO XX

FLORIAN VLASHI *director*

Fundación Caixa Galicia

luns 18 de maio de 2009

20:30

programa

PAULINO PEREIRO (A Coruña, 1957)

PARTE I

Transcrición do Preludio e Fuga en do maior nº 1 de *O cravo ben temperado* de J. S. Bach op 30 (1987) *

Alalá op 104 (2004)

Alalá de Muxía para cuarteto de corda op 128 (2007)

Para Lokesh op 129 (2007)

Para Sangita op 142 (2007)

Pandeirada para cuarteto de corda op 147 (2007)

Melodía irlandesa para cuarteto de corda op 148 (2007)

Melodía alemá para cuarteto de corda op 149 (2007) *

PARTE II

Melodía escocesa para cuarteto de corda op 150 (2007) *

Melodía galega para cuarteto de corda op 151 (2007)

Melodía bretona para cuarteto de corda op 155 (2007) *

Melodía francesa para cuarteto de corda op 156 (2007) *

Melodía portuguesa para cuarteto de corda op 157 (2007) *

Melodía vietnamita para cuarteto de corda op 158 (2007) *

Variación sobre o Himno de Nepal op 167 (2008) *

* estrea mundial

GRUPO INSTRUMENTAL SÉCULO XX

Florian Vlashi violín / Mirela Lico violín / Luca Pozza viola / Rediana Lukaçi violoncello

currículos

GRUPO INSTRUMENTAL SÉCULO XX

O século XX supuxo un renacemento musical moderno e está considerado como o século onde sucedeu o segundo gran cambio na historia da música. O primeiro aconteceu cando se substituíron as escalas gregas e medievais polas escalas temperadas. Iso considerouse unha agresión do diabólico (*diabulus in musica*). O segundo gran cambio aconteceu no pasado século cando se derrubou o edificio tonal de case tres séculos substituíndose polo sistema de música serial até a estocástica. Por fin a música é libre e non hai máis códigos dominantes e tabús.

Durante o século XX interpretouse máis a música do pasado que a actual, e creouse así un “divorcio” do público coa música moderna, motivado polos réximes totalitarios que conservaron de xeito artificial o romanticismo musical transformándoo en dogma contra o moderno, e pola arte comercial, doado, rápido, superficial nunha especie de *macdonalización* da cultura. Así, toda a música nova considerouse difícil e ruidosa e a xente pechaba os seus oídos, como os homes de Ulises para non escoitar “o canto mortífero das sereas”. Polo contrario, a música de Stravinski, Bartók, Debussy, Schoenberg, como os libros de Kafka ou as películas de Fellini, fannos máis humanos.

O Grupo Instrumental Século XX nace en 1996, por iniciativa do violinista Florian Vlashi, como homenaxe ao “Gran Século” coa finalidade de interpretar as súas mellores obras de música de cámara desde o principio do século XX até os nosos días, traballo arduo que require moita dedicación e sacrificio polas dificultades extremas destas obras. Os seus membros son instrumentistas solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia. Proveñen de máis de dez países diferentes e todos eles contan cunha dilatada experiencia profesional de altísimo nivel neste campo. O número dos intérpretes varía dependendo das obras do programa que se interpreta.

O grupo estreou máis de cincuenta obras de compositores españois e ten no seu repertorio a autores como Stravinski, Falla, Richard Strauss, Messiaen, Xenakis ou Ligeti. Participou en diversos certames nacionais como os festivais de música da Coruña (Festival Mozart), Santiago (Festival Via Stellae), Salamanca, Bilbao (Festival Música do Século XX), Madrid (Centro para a Difusión da Música Contemporánea), etc., obtendo as mellores críticas e fervorosos aplausos do público. Os seus concertos foron gravados por Radio Clásica de Radio Nacional de España, e o seu concerto no Auditorio Nacional de Música de Madrid foi retransmitido por TVE 2 e o Canal Internacional.

A crítica dixo do Grupo Instrumental Século XX: “A Coruña ten dúas agrupacións musicais de primeiro nivel, polo menos dentro do panorama español: unha é a Sinfónica de Galicia e a outra é o Grupo Instrumental Século XX”, “Unha partitura extraordinaria (*A historia do soldado* de Stravinski), un soberbio conto como base literaria, unha excelente adaptación, un narrador espléndido e uns músicos de primeirísimo nivel (Grupo Instrumental Século XX) situados na órbita da OSG. O resultado poden imaxinalo, un luxo e un privilexio que sen dúbida non é neutral” e “Falar en Galicia de música contemporánea nos últimos dez anos é facelo do Grupo Instrumental Século XX que dirixe o violinista albanés Florian Vlashi, un home dunha xenerosidade humana e musical extraordinaria”.

FLORIAN VLASHI *violín*

Naceu en Durres (Albania) o 8 de novembro de 1963. Empezou os estudos de violín aos seis anos. O seu pai, Gjergj Vlashi, escritor e director de teatro moi coñecido, tivo un papel decisivo no seu futuro. Estudou con V. Papa, R. Stefi e I. Madhi, e obtivo pola Academia de Belas Artes de Tirana o primeiro posto por unanimidade. En 1989 gañou o primeiro premio no Concurso de Solistas e de Orquestras Sinfónicas de Albania. Este mesmo ano foi director e solista da Orquestra de Corda Jan Kukuzeli, coa que realizou moitos concertos e gravacións para a RTVA e a súa primeira xira de concertos por Italia.

Dende 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia, e perfeccionouse con G. Egger (Bachakademi Stuttgart) e L. Müller (concertino da Orquestra de Cámara de Viena). A súa actividade estendeuse á pedagogía, a publicacións sobre estética interpretativa e como conferenciante (Conservatorio Superior de Música e Universidade da Coruña, Universidade de Santiago, Universidade da Rioxa-Logroño, etc.).

Convidárono a tocar na inauguración da tempada de concertos do Centro de Arte Moderno Raíña Sofía, Fundación Juan March, Auditorio Nacional de Música de Madrid, CAIM de Salamanca, CAI de Zaragoza, Academia de España en Roma, Instituto Cervantes en Nápoles, Estate Musicale Maffeiiana en Verona, Prístina, Suíza, Sao Paulo, Montevideo, etc., e en moitos festivais de música da Coruña (Festival Mozart), Santiago (Festival Via Stellae), Vigo, Bilbao, etc. Colabora como solista co Plural Ensemble de Madrid.

Compositores como E. Buharaja, C. López García, J. Vara, X. De Paz, P. Pereiro, D. Malumbres, J. Durán e F. Buide dedicáronlle obras súas. No 2002 a Asociación Galega de Compositores nomeouno en 2002 socio protector e, dende o mesmo ano, é profesor do departamento de cordas do Conservatorio de Betanzos.

En 1999 saíu ao mercado o seu compacto *Andrés Gaos - Integral para violín e piano*, e en xullo do mesmo ano a televisión albanesa realizou o documental *Florian Vlashi, o violín albanés en España*. É creador e director artístico do festival de verán Netet e muzikes klasike Durres dende 2003.

Dende 1996 dirixe o Grupo Instrumental Século XX, integrado por solistas da Sinfónica de Galicia e que estreou máis de cincuenta obras de autores españois, algunhas compostas por encargo do propio grupo. Radio Clásica de Radio Nacional de España, TVE 2 e a Canle Internacional de TVE retransmitiron algúns dos seus concertos. Toca un violín francés do século XVIII de J. Bocquay.

PAULINO PEREIRO

Nado na Coruña en 1957, é un compositor de música sinfónica e de cámara, teatral e cinematográfica, cun amplo catálogo que, na actualidade, consta de 184 obras. A súa música interpretouse en Galicia e en diferentes países de Europa e América (Francia, Inglaterra, Suíza, Italia, Suecia, Holanda, Albania, Brasil, Colombia e Estados Unidos). Participou na creación da Asociación Galega de Compositores, formou parte da directiva dende a súa fundación e da que, na actualidade, é presidente.

Como conferenciante sobre temas musicais impartiu cursos para profesorado, presentou un relatorio sobre a creación musical na Universidade de Verán da Complutense, publicou artigos de prensa e presentou en Rentería unha relatoiro sobre a variación dentro das Xornadas de Música Contemporánea dirixidas a compositoras e compositores.

Recibiu dúas bolsas de creación musical da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia para a composición das obras *SÓS* (para barítono e orquestra) e *Poema cíclico* (para mezzosoprano e cuarteto de corda). Recibiu o encargo da Universidade de Santiago para a composición da obra orquestral *Resplandores do silencio son as sombras*, estreada en Compostela pola Sinfónica de Galicia e Maximino Zumalave. Participou en varias ocasións nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela.

Como compositor de música escénica realizou, entre outros, os seguintes traballos: *O barbeiro de Sevilla op 65*, *Cyrano de Bergerac op 72* (ambas as dúas gravadas en compacto pola OSG dirixida por Alejandro Posada e finalistas dos premios María Casares) e *Novo de*

Parmuíde op 25 (música para a longametraxe homónima de Roberto Vidal Bolaño sobre un relato breve de Cunqueiro).

Estreou varias obras sinfónicas entre as que cómpre salientar *Sinfonía nº 1*, *Paisaxes imaxinarias op 62* (estreada pola Sinfónica de Galicia e Antoni Wit), *O inferno de Dante op 61* (estreada pola Real Filharmonía de Galicia e Antoni Ros Marbá), *Orfeo e Dionisos op 67* (Real Filharmonía e Maximino Zumalave), *Pequena suite para orquestra de corda op 18* (Real Filharmonía e Xoán Trillo), *Vestimos as luvas á nosa alma op 55* (elexía para Antón Avilés de Taramancos, estreada pola Real Filharmonía e Maximino Zumalave) e *Ceo op 54* (Sinfónica de Galicia e Eiji Oue).

Do seu amplo catálogo de música de cámara viron a luz obras para formacións diversas, interpretadas entre outros por Antoni Besses (*Variacións Beiras op 48*, gravadas en compacto), Herre-Jan Stegenga, Florian Vlashi, David Ethève, Tatiana Prezevlskaia, Antonio Arias, José Luis Evangelista, Taller de Música do CGAC, Trío Quantz, Cuarteto Telemann, Shostakovich Ensemble, Taller de Canto do Orfeón Terra a Nosa, Javier Vázquez Grela, María José Ladra, o pianista Jean Pierre Dupuy (que interpretou na BBC a súa obra *Atlante*), Enmanuel Ferrer, Quinteto de Metais Santa Cecilia, Grupo Instrumental Século XX, cuarteto de violoncellos Chelicia, etc. Realizou tamén a sintonía para a entrega dos Premios de Teatro María Casares.

Publicou obras didácticas para o ensino da música no ensino medio (música 3º ESO) e en conservatorios: *Caderno de melodías populares op 60*, *Melodías paisanas op 90* e *Cancións de aquí e acolá op 71* (con gravación en compacto). Como escritor (membro da AELG) publicou, entre outras, as seguintes obras: os ensaios *Iniciación á linguaxe musical* e *A música teatral* (encargo da Universidade da Coruña); as pezas teatrais *O lector de Goethe*, *A representación* e *Cyrano de Bergerac* (en colaboración con Francisco Pillado); as novelas *Entre dous* (en colaboración con Victoria Salgado), *Calidoscopio*, *Sinfonía cíclica* (finalista do Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey 2004) e *Arredor de Chinto*; os relatos *Desde unha mesa de café* (traducido ao español e que inclúe o relato *Posesión* que foi premiado no concurso de contos Breogán de Barakaldo) e *Habitar as illas* (premiado no Certame de Creación literaria Carvalho Calero 2003); a obra poética *Morte do mar*, e realizou a tradución de *Blanche, dans la débâcle des ténèbres*, versión bilingüe francés-galego do poemario de Daniel Thibaut.

12

O PIANO: GRANADOS, RAVEL E PROKOFIEV

ARTUR PIZARRO *piano*

Conservatorio Profesional de Música

xoves 21 de maio de 2009

20:30

programa

PARTE I

ENRIQUE GRANADOS (1867-1916)

Goyescas (Los majos enamorados) (1911)

Los Requiémbros

Coloquio en la reja

El fandango de candil

Quejas o La maja y el ruiseñor

El amor y la muerte

Epílogo: Serenata del espectro

PARTE II

MAURICE RAVEL (1875-1937)

Gaspard de la nuit (1908)

Ondine

Le gibet

Scarbo

SERGEI PROKOFIEV (1891-1953)

Sonata para piano nº 7 en si bemol mayor op 83 (1939-1942)

Allegro inquieto

Andante caloroso

Precipitato

currículum

ARTUR PIZARRO *piano*

Naceu en Lisboa en 1968, e só tiña catro anos cando a televisión portuguesa difundiu o seu debut ao piano, instrumento no que o iniciaran a súa avoa materna, a pianista Berta da Nóbrega, e a súa parella musical Campos Coelho, alumno de Vianna da Motta, Ricardo Viñes e Isidor Philipp. Entre 1974 e 1990 estudou con Sequeira Costa, que tamén fora alumno de Vianna da Motta, Mark Hamburg, Edwin Fischer, Marguerite Long e Jacques Février. Esta distinguida liñaxe artística introduciuno de cheo na tradición da idade de ouro do piano, e transmitiulle unha vasta formación, tanto da escola e repertorio franceses como da alemá. Despois de cursar unha primeira etapa dos seus estudos en Lisboa, mudouse aos Estados Unidos, a Lawrence (Kansas), onde seguiu a traballar con Sequeira Costa, profesor de piano na Universidade de Kansas. Comezou a tocar en público, por segunda vez, aos trece anos, cun recital estrea no Teatro São Luiz de Lisboa, e nese mesmo ano xa debutaba en concerto coa Gulbenkian Orchestra. Cando aínda estaba baixo a tutela de Costa, foi galardoado cos primeiros premios da Vianna da Motta Competition de 1987 e da Greater Palm Beach Symphony Competition de 1988, ademais de recibir o primeiro premio na Leeds International Pianoforte Competition de 1990, distinción que marcou o inicio da súa carreira de concertista internacional.

Mantén unha intensa actividade como intérprete de música de cámara e ofreceu recitais por todo o mundo, coas principais orquestras e baixo a dirección dos máis insignes mestres, como Charles Dutoit, Simon Rattle, Jean Fournier, Philippe Entremont, Pascal Tortelier, Andrew Davis, Esa Pekka Salonen, Yuri Termikanov, Vladimir Fedoseyev, Ilan Volkov, Tugan Sokhiev, Yakov Kreizberg, Yannick Nezet-Seguín, Libor Pesek, Vladimir Jurowski e Charles Mackerras. Tamén participou nos principais festivais internacionais de música de cámara. En 2005 fundou o Artur Pizarro Piano Trio co violinista Raphael Oleg e a violoncellista Josephine Knight. Ademais, forma dúo de piano con Vita Panomariovaite.

Conta cunha extensa produción discográfica gravada cos selos Collins Classics, Hyperion Records, Harmonia Mundi, Naxos e Linn Records. A gravación en febreiro de 2003 dun álbum con sonatas para piano de Beethoven para Linn Records foi recibida con extraordinario entusiasmo pola crítica: “Que ninguén diga que non queda lugar para unha nova gravación das obras mestras de moito arraigo cando o pianista está dotado dunha exuberancia e unha enerxía recreativas desta categoría” (Gramophone).

Ao longo da tempada 2003-04 interpretou o ciclo completo das sonatas para piano de Beethoven na St John's Smith Square de Londres. Os oito concertos foron retransmitidos por Performance on 3 da Radio 3 da BBC, e o ciclo valeulle unha nominación ao Best Series Award da Royal Philharmonic Society. En 2005 Linn publicou o compacto *Reminiscences*, unha colección dos solos para piano preferidos de Chopin, e o primeiro volume gravado co selo Naxos das obras completas para piano de Rodrigo, que foi seleccionado no Editors Choice da revista Gramophone e cualificado como “penetrante, fiel, brillante” por Ivan March na mesma revista en abril de 2005.

A súa axenda para a tempada 2007-08 incluíu recitais no teatro da ópera Rudolffium de Praga, no Wigmore Hall de Londres, nas International Piano Series do Royal Festival Hall, no Festival de Aldeburgh, en Dinamarca e Lisboa –recitais de Ravel e Debussy retransmitidos pola corporación radiofónica danesa DR–, en Sevilla e en Madrid –coa Orquestra de RTVE e retransmitidos en directo–, concertos coa Scottish Chamber Orchestra dirixida por Charles Mackerras e coa Orkiestra Filharmonii Narodowej Warszawie e Adrian Leaper, o *Concerto para piano en la maior* de Grieg no Palais des Beaux Arts de Bruxelas retransmitido en directo pola radio belga, coa Orquestra Filharmónica de Londres e Vladimir Jurowski, coa City of Birmingham Symphony Orchestra, na Casa da Música de Oporto, na Fundación Gulbenkian, no Beethoven Fest de Bonn, en Essen, en Dusseldorf e na Beethoven-Haus de Bonn.

Entre os compactos previstos para ser publicados con Linn Records, cómpre salientar o segundo volume das obras completas para piano só de Ravel, obras para dous pianos con Vita Panomariovaite, e concertos para piano de Beethoven dirixidos por Charles Mackerras.

13

O CORPUS DOS NENOS (CONCERTOS EN FAMILIA 3) (recomendado nenos de 0 a 3 anos)

CANTO DE BERCE

RESONET

Centro Socio Cultural Uxío Novoneyra

sábado 23 de maio de 2009

12:30 e 18:00

programa

Ailalá

Meu meniño é pequeniño (canto de berce)

Camiña don Sancho (romance)

Paxariños que voades (canto de berce)

Canarios (Gaspar Sanz, 1673)

Unha noite vindo do muíño

A la buba, a la nana (canto de berce sefardita)

Meu neno garrido

Polo mundo me vou madre (romance)

Cantan os galos (popular, Rosalía de Castro)

Eu teño un canciño / Fandango (popular / Santiago de Murcia 1734)

RESONET

Mercedes Hernández soprano

Trinidad de Miguel percusión e colascione

Fernando Reyes tiorba, guitarra barroca e arquilaúde

currículos

Ver programa nº 10

14

TENOR, VIVO... E AO VERMELLO
UN ESPECTÁCULO DO TENOR ENRIQUE VIANA

ENRIQUE VIANA *tenor*
DANIEL OYARZABAL *piano*

Círculo das Artes
sábado 23 de maio de 2009
20:30

programa

TENOR, VIVO... E AO VERMELLO
ESPECTÁCULO LÍRICO EN DOUS ACTOS E VARIAS HOMENAXES

A través dun guión atraínte e simpático, un tenor decide rendirlles homenaxe ás persoas, sentimentos e elementos da historia da nosa vida de hoxe, a música desprégase nalgunhas das grandes arias do repertorio lírico que teñen que ver con estas homenaxes. Símbolos agochados e evidentes desvélanse coa axuda do espectador e do diálogo que se abre en calquera intre, co pianista e co público. Un espectáculo irónico en clave de humor, conflitos e reflexións dende a mente dun cantante. Unha parodia do mundo da lírica, que invita a pensar, desmitificar e participar, unha visión rebelde e tenra da actualidade e a música.

voz e piano

GEORGES BIZET (1838-1875): Ouvre ton coeur

FRANZ LÉHAR (1870-1948): Das Land des Lächelns
“Dein ist mein ganzes Hertz”

ALFREDO CATALANI (1854-1893): Chanson groenlandaise

Fromental Halévy (1799-1862): La reine de Chipre
“Me voici donc enfin... De mes aieux”

GAETANO DONIZETTI (1797-1848): Le convenienze ed inconvenienze teatrali
“¡Mascalzoni, sfacendati...!”

ANDRÉ MESSAGER (1853-1929): Veronique
“De-ci, de-là...”

RICHARD WAGNER (1813-1883): Lohengrin
“In fernem Land”

JUAN MARTÍNEZ ABADES (1862-1920): Flor de té

piano só, fragmentos de:

VINCENZO BELLINI (1801-1835): Norma

GIUSEPPE VERDI (1813-1901): Macbeth

FRANZ LÉHAR (1870-1948): Das Land des Lächelns

SERGEI RACHMANINOV (1873-1943): Vocalise

GIACOMO PUCCINI (1858-1924): Tosca

Enrique Viana tenor / Daniel Oyarzábal piano

Enrique Viana dirección e guión orixinal / J. Manuel Guerra deseño iluminación / Enrique Santarén rexiduría e coordinación

currículos

ENRIQUE VIANA tenor

Naceu en Madrid, onde estuda a carreira superior de canto no Real Conservatorio Superior de Música, e máis tarde amplía os seus estudos en Barcelona, Milán, Siena, Roma e París. Especialízase no repertorio belcantista (Rossini, Donizetti, Bellini) e en determinados autores románticos franceses (Auber, Massenet, Bizet, Gounod, Boieldieu, etc.). Na súa estancia en Italia, estuda especialmente a obra e a figura do compositor bergamasco Gaetano Donizetti, investigando a súa escritura e chegando a ter no seu repertorio para recital até setenta arias deste compositor ao que dedicou ciclos por diversos países. Nos escenarios operísticos foi Duque de Mantua en *Rigoletto*, Alfredo en *La Traviata*, Fenton en *Falstaff*, Don Basilio nas *Vodas de Figaro*, Ernesto en *Don Pasquale*, Tonio en *La fille du regiment*, Conde Almaviva en *O barbeiro de Sevilla*, Ramiro en *La Cenerentola*, Edoardo en *La cambiale di matrimonio*, Argirio en *Tancredi*, Arturo en *I puritani*, Adolf en *Le comte de Griolet*, Henry Smith en *La jolie fille de Perth*, Belmonte no *Rapto no serrallo*, Arturo Bucklaw en *Lucia de Lammermoor*, cantante italiano, mordomo e pousadeiro no *Cabaleiro da rosa*, Nodrizza en *L'incoronazione di Poppea*, Camille von Rosillon na *Viúva Ieda*, etc. Protagonizou os espectáculos-homenaxe a Donizetti, Bellini e Rossini en Madrid e en xira por numerosos teatros nacionais, completando así o trío de homenaxes aos autores máis estudados na súa carreira. Como solista en primeiros papeis, en oratorios, concertos e óperas, actuou en festivais, ciclos e teatros en Estados Unidos, Francia, Inglaterra, Alemaña, Italia, Bélxica, Portugal, Canadá, China, Corea, Filipinas, Arxentina, Cuba, Costa Rica, Perú, Venezuela, Bulgaria, Exipto, México, Chile, Uruguai e Hungría.

Realizou gravacións na radio e televisión española, italiana e portuguesa. Actuou con directores como A. Ros Marbá, M. A. Gómez Martínez, J. López Cobos, Ralf Weikert, D. Debart, R. Raichev, M. Angeloff, Z. Delibozov, E. García Asensio, P. M. Durand, A. Krieger, R. Palumbo, Ian Cayers, Christophe Rousset e outros moitos. É autor e intérprete do espectáculo *A loucura dun tenor*, un monólogo didáctico con fragmentos musicais do século XIX italiano e francés que acumulou até o momento 44 representacións en España, e do espectáculo *Tenor, vivo e ao vermello*, co que xa visitou en 40 funcións os teatros máis importantes. Como profesor de canto e conferenciante impartiu cursos e conferencias nas universidades de Miami, Lima, México, Guatemala, Costa Rica, Santiago de Chile, Santiago de Compostela, Lugo, Sevilla, Bilbao, e no Círculo de Belas Artes, Real Conservatorio Superior de Música, Universidade Complutense, Auditorio Conde Duque, Universidade Carlos III, Universidade Rei Juan Carlos e EOI de Madrid, conservatorios Priego de Córdoba, Guadalaxara e La Habana, Escola de Arte Lírico de Montevideo, Colexio de España en París, etc.

Durante os oito últimos anos dirixiu e coordinou varios cursos sobre *O belcanto no século XIX e A ópera romántica francesa*. Publica ocasionalmente artigos sobre o belcanto en revistas como *Scherzo* e *Cavatina* e escribiu as notas ao programa en numerosas ocasións co gallo das representacións de títulos belcantistas e recitais desta especialidade. Participa con asiduidade en presentacións de libros e discos e en mesas redondas sobre a música do século XIX. Gravou dou compactos dedicados a Donizetti, *Donizetti belcantista* e *Donizetti heroico*. Dirixiu os espectáculos *A loucura dun tenor*, *Tenor, vivo... e ao vermello*, *A voltas coa zarzuela* e, para o Teatro Real de Madrid, *Tardes con Donizetti e Rossiniana, alta en calorías*. Co espectáculo *Música e escusas* recalou en Santander, Sevilla, Madrid, Barcelona, Valencia, Ceuta, Salamanca, etc. É presentador e guionista do programa *Só cancións, españolas* de Radio Clásica de Radio Nacional de España, que se emite todos os luns pola noite e os martes pola mañá. Presentou e protagonizou numerosos eventos como o aniversario do Teatro Real e o cuarto centenario do nacemento da ópera, na praza de Oriente de Madrid, ante 14.000 persoas, e actos de conmemoracións para bancos, caixas de aforros, etc.

Na próxima tempada o Teatro Arriaga e o Teatro Real coproducen dous espectáculos con guiños seus, *Belliniana, alta en neuronas* (tamén dirixido e deseñado por Enrique Viana) e *Nin fu, nin fa#*.

DANIEL OYARZÁBAL piano

Naceu en Vitoria en 1972 e tras os seus estudos de piano realizou estudos de perfeccionamento en órgano, clave e instrumentos históricos no Conservatorio Superior de Música de Viena con Thomas Schmögner e obtivo o posgraduado en órgano con Jos van der Kooy e a diplomatura en clave con Patrick Ayrton no Real Conservatorio da Haya (Holanda). Asistiu paralelamente a cursos de especialización con Pierre Hantäi, Jacques Ogg, Michael Posch, Lars Ulrik Mortensen, Michael Radulescu, Hans Fagius e Oliver Latory. Así mesmo, afondou no estudo da música de Bach no Conservatorio de Amsterdam con Pieter van Dijk. En 1991 foi galardoado co premio especial da prensa na Mostra Nacional para Novos Intérpretes en Ibiza, en 1998 obtivo o primeiro premio en improvisación no Concurso Internacional de Música de Roma e en 2002 o terceiro premio no XIX Concurso Internacional de Nijmegen (Holanda), no que resultou ser o único español premiado nas vinte e unha edicións do concurso. Participou en numerosos festivais internacionais, tanto en calidade de solista como de continuísta, e ofreceu concertos en toda Europa e en Xapón. Entre os seus numerosos proxectos para este ano figuran a súa intervención como solista na *Tocata Festiva* de Barber xunto á Sinfónica de Bilbao no Palacio Euskalduna, a interpretación das *Variacións Goldberg* de Bach en varias cidades españolas e en Amsterdam, Viena e Berlín e a integral da obra para órgano de Olivier Messiaen.

15

CENTENARIO HAYDN:

AS SETE ÚLTIMAS PALABRAS DE CRISTO NA CRUZ

CUARTETO DE CORDAS DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

martes 26 de maio de 2009

Igrexa de San Pedro

20:30

programa

JOSEPH HAYDN (1732-1809)

As sete últimas palabras de Cristo na cruz

Introdución: Maestoso e adagio

Sonata I: Largo

Sonata II: Grave e cantabile

Sonata III: Grave

Sonata IV: Largo

Sonata V: Adagio

Sonata VI: Lento

Sonata VII: Largo

O terremoto: Presto e con tutta la forza

currículos

CUARTETO DE CORDAS DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Creado en 2007 polos principais instrumentistas de corda da Real Filharmonía de Galicia, a primeira actuación do cuarteto desenvolveuse no festival Músicas Contemplativas interpretando As sete últimas palabras de Cristo na cruz de Joseph Haydn. Tamén participou, en outubro de 2007, no ciclo de música de cámara organizado pola orquestra compostelá.

JAMES DAHLGREN *violín*

Concertino da Real Filharmonía de Galicia, estudou con Zaven Melikian no Conservatorio de San Francisco. Despois de traballar durante cinco anos coa Orquestra da Ópera de San Francisco, aceptou o posto de concertino coa Orquestra Metropolitana de Lisboa, e máis tarde, a de concertino asociado coa Orquestra Cidade de Granada. Despois de chegar a Europa, traballou tamén como concertino invitado da London Philharmonic Orchestra, Royal Liverpool Philharmonic Orchestra, Ulster Orchestra e New Zealand Symphony Orchestra, entre outras. Actualmente é o principal concertino invitado da Sinfónica de Bilbo-Bilbao, membro de TAIMA (Taller Andaluz de Interpretación de Música Actual), profesor invitado coas orquestras JONDE, JONC e BIOS e é profesor de violín e do curso de pasaxes orquestrais na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Premiado no concurso internacional María Canals en Barcelona, mantén unha axenda moi activa actuando como solista e en formacións de música de cámara.

GRIGORI NEDOBORA *violín*

Naceu en Jarkov (Ucraina), e iniciou os seus estudos de violín aos seis anos. Aos once ofreceu o seu primeiro recital no que interpretou, entre outras obras, o Concerto para violín de Mendelssohn e o Rondo Capriccioso de Saint-Saëns. En 1979 debutou como solista coa Orquestra Filharmónica de Jarkov, no que interpretou o Concerto para violín de Sibelius. A partir de 1980 continuou os seus estudos no colexio do Conservatorio de Moscova, e en 1984 ingresou no Instituto Gnesin, onde foron os seus profesores Vladimir Spivakov e Valentin Berlinsky (membros do Cuarteto Borodin). Foi membro da orquestra de cámara Virtuosos de Moscova baixo a dirección de Vladimir Spivakov, e coa citada formación actuou en máis de vinte países de Europa, América, África e Asia. Dende 1996 é principal dos segundos violíns da Real Filharmonía de Galicia e profesor na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Durante todo este tempo desenvolve unha ampla actividade musical como membro de distintos conxuntos de cámara (Dúo Moz-Art, Cuarteto Matiz, Camerata Quiodi), e como solista interpretou con distintas orquestras as Catro Estacións de Vivaldi e, entre outros, concertos de Bach, Mozart, Brahms, Bruch, Schnittke e Dvorák.

TILMANN KIRCHER *viola*

Naceu en Dortmund en 1971, e xa aos cinco anos recibiu a súa primeira clase de violín con Dieter Stanzeleit, concertino da Orquestra Filharmónica de Dortmund. Aos doce anos cambiou este instrumento pola viola, coa que completou os seus estudos superiores na Robert-Schumann-Hochschule (Conservatorio de Música de Düsseldorf) co profesor Jürgen Kussmaul. Despois dos estudos superiores foi viola principal na Orquestra do Estado de Frankfurt (Oder), un ano despois na Orquestra Filharmónica de Copenhage e despois na Staatskapelle Weimar. Concluíu o seu Konzertexamen (exame como solista) en Düsseldorf en 1998. Desde xullo de 1999 é viola principal na Real Filharmonía de Galicia.

Participou en varias clases maxistras, entre outros ofrecidas por Ulrich Koch, Yuriy Baschmet, Fjodor Druschinin e Wolfram Christ. Foi vencedor do concurso alemán Jugend Musiziert e do concurso da World Youth Symphony Orchestra (EEUU) como solista. Ademais destes foi tamén gañador a nivel de música de cámara (cuarteto de cordas) nos concursos Jugend Musiziert e o internacional Charles Hennen en Heerlen (Países Baixos).

PLAMEN VELEV *violoncello*

Nado en Bulgaria, inicia os seus estudos na Escola da Nova Orquestra Nacional e posteriormente, no Conservatorio Superior de Sofía, baixo a tutela dos profesores S. Manolov e Z. Yordanov. Obtivo premios no seu país durante tres anos consecutivos no Concurso Nacional de Novos Intérpretes, no Concurso de Música Nacional e no Encontro Nacional de Novos Violoncellistas. Foi distinguido coa Medalla de Ouro do Ministerio de Educación Búlgaro e foi bolseiro de posgrao de interpretación e de música de cámara. Perfeccionou os seus estudos con mestres de relevancia internacional como Laszlo Mezo, Yanos Starker e Lluís Claret.

A súa traxectoria profesional iníciase como violoncellista na Orquestra Nacional de Bulgaria, orquestra que abandona aos dous anos cando é invitado a formar parte do Cuarteto da Radio Televisión Búlgara, co que efectuou numerosas gravacións e xiras internacionais. Tras unha colaboración coa Orquestra da Radio Televisión Belga, establécese nas Illas Canarias, onde comparte o seu labor docente no Conservatorio Superior de Música de Santa Cruz de Tenerife co seu posto na Orquestra Sinfónica de Tenerife.

Formou parte de diferentes orquestras e agrupacións de cámara, coas que actuou en diferentes países de Europa como Bulgaria, Rusia, Hungría, Checoslovaquia, Iugoslavia, Italia, Suíza, Bélxica, Holanda, Alemaña, Austria, Grecia e España. Ademais, actuou como solista baixo a batuta de importantes directores como Helmut Rilling, Maximino Zumalave ou Christopher Hogwood e coas agrupacións Orquestra Académica de Sofía, Camerata Quiodi e Real Filharmonía de Galicia.

Foi profesor dos Cursos de Verán de La Palma, da Internationales Bachakademie, da Nova Orquestra de Cataluña e impulsor do primeiro e segundo Encontro de Novos Violoncellistas de Galicia, con sede en Santiago de Compostela. É fundador da agrupación Camerata Quiodi coa que continúa realizando numerosas actuacións e é tamén autor e partícipe de varios programas didácticos desenvolto en Galicia nos últimos anos.

Dende 1996 ocupa o posto de violoncello principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor titular de violoncello na Escola de Altos Estudos Musicais.

16

ANO HAENDEL

HAENDEL E O ORATORIO OPERÍSTICO: IL TRIONFO DEL TEMPO E DEL DISINGANNO

LA RISONANZA

FABIO BONIZZONI *director*

NURIA RIAL *soprano* / **YETZABEL ARIAS FERNÁNDEZ** *soprano*

ELENA BISCUOLA *contralto* / **MAKOTO SAKURADA** *tenor*

xoves 28 de maio de 2009

Círculo das Artes

20:30

programa

GEORG FRIEDRICH HAENDEL (1685-1759)

Il trionfo del tempo e del disinganno, oratorio en dúas partes

Libreto: Benedetto Pamphili. Roma, 1707

currículos

LA RISONANZA

É un conxunto vocal e instrumental fundado en 1995 por Fabio Bonizzoni que conta cun orgánico variable dende tres até vinte músicos, entre cantantes e instrumentistas, en función dos diversos programas que desenvolve. O seu repertorio fundamental é a música barroca italiana e, máis en xeral, a música escrita nos séculos XVII e XVIII influída polo estilo italiano. Colabora regularmente con cantantes como a soprano Roberta Invernizzi, a mezzosoprano Gloria Banditelli, o contratenor Martín Oro, a soprano Emanuela Galli ou o baixo Sergio Foresti.

La Risonanza é regularmente invitada por importantes festivais como o Netwerk vor Oude Muziek de Holanda, o Kupferberg e Villa Musica de Maguncia, o Rheingau Musik Festival de Wiesbaden, MDR Musiksommer de Leipzig, Styriarte de Graz, Música e poesía en San Maurizio, Os séculos de ouro da Fundación Caja Madrid, Festival de Utrecht, Fundación Marco Fodella de Milán, o Festival Internacional de Música Antiga de Cesano Maderno, Semana de Música Relixiosa de Cuenca e moitos outros. Ao longo de todo o 2004 e como conmemoración do terceiro centenario da morte de Biber, La Risonanza efectuou unha gran xira de concertos por España (Liceo de Cámara de la Fundación Caja Madrid, Festival Internacional de Santander, Quincena Musical Donostiarra, Festival Internacional do Camiño de Santiago, Pórtico de Semana Santa de Zamora) coa integral das *Sonatas do Rosario* de Biber obtendo un clamoroso éxito de público e de crítica. Durante a Semana Santa de 2005 realizaron unha xira de concertos por España na que, coa colaboración da Capilla Peñafloreda, ofreceu en primicia mundial en tempos modernos a reconstrucción do *Vespro Solemne per la Domenica di Pasqua* de Antonio Vivaldi celebrado en Venecia en 1739.

Despois de rexistrar en 1996 un compacto enteiramente dedicado a Girolamo Frescobaldi para a revista Amadeus, gravaron un compacto coa *Missa non sine quare* de Johann Caspar Kerll para a casa discográfica Symphonia (disco que obtivo o premio Choc de Le monde de la Musique) e outro dedicado ás cantatas de Luigi Rossi no selo milanés Stradivarius. Dende 2000 La Risonanza grava para a casa discográfica española Glossa, onde publicaron discos dedicados a Barbara Strozzi e Giuseppe Sammartini (*Concerti per organo op 9*). Na actualidade están gravando para Glossa a integral das cantatas italianas con acompañamento instrumental de Haendel. O primeiro volume da serie, titulado *Cantate per il Cardinal Pamphili*, obtivo o Stanley Sadie Händel Prize de 2007, un prestixioso galardón concedido por músicos, musicólogos, críticos e especialistas haendelianos de todo el mundo concedido como mellor disco de Haendel de 2006. Tanto o segundo (*Cantate per il Marchese Ruspoli*) como o cuarto volume (*Aminta e Fillide*) recibiron a distinción *Editor's choice* da prestixiosa revista inglesa Gramophone. En datas recentes publicouse o volume quinto (*Clori, Tirsi e Fileno*) da serie, que tamén está a obter unánimes loanzas da crítica especializada.

FABIO BONIZZONI *director*

Despois de tocar con algunhas das principais orquestras barrocas do noso tempo (Amsterdam Baroque Orchestra de Tom Koopman, Le Concert des Nations de Jordi Savall ou Europa Galante de Fabio Biondi), dedícase actualmente á actividade como solista e á dirección do seu propio conxunto, La Risonanza. Con esta dobre faciana de solista e director ofreceu concertos nas máis importantes salas e nos principais festivais de música antiga de todo o mundo.

Diplomado en órgano e clave en Italia, perfeccionou os seus coñecementos, entre 1987 e 1994, no Real Conservatorio da Haya baixo a dirección de Tom Koopman, con quen obtivo o diploma de solista tanto en órgano barroco como en clave.

Tras realizar varias gravacións como solista para os selos Arcana e Stradivarius, na actualidade grava para a casa discográfica española Glossa, para a que rexistrou obras de Giovanni Salvatore, Giovanni Picchi (disco premiado co Preis der Deutsches Schallplattenkritik), Francesco Geminiani (o premio ffff di Telerama), Bernardo Storace e Domenico Scarlatti (premio Excepcional de Scherzo). A súa última gravación, de recente edición e igualmente en Glossa, está dedicado ás *Variacións Goldberg* de Bach.

Actualmente é profesor de clave no Conservatorio A. Scontrino de Trápani así como no Real Conservatorio da Haya.

17

Ano Haendel

HEROÍNAS ROMANAS, AS CANTATAS DE HAENDEL

VERÓNICA CANGEMI *soprano*

BACH CONSORT WIEN

RUBÉN DUBROVSKY *director*

Círculo das Artes

sábado 30 de maio de 2009

20:30

programa

GEORG FRIEDRICH HAENDEL (1685-1759)

PARTE I

Sonata en trío para dous violíns e baixo continuo en sol maior op 5/4 HWV 399

Sonata en trío para dous violíns e baixo continuo en sol menor op 2/2 HWV 387

La Lucrezia, cantata para soprano e baixo continuo HWV 145

PARTE II

Sinfonía para dous violíns e baixo continuo en si bemol maior HWV 380

Agrippina condotta a morire, cantata para soprano dos violíns e baixo continuo HWV 110

VERONICA CANGEMI *soprano*

BACH CONSORT WIEN

Agnes Stradner violín / Piroska Batori violín

Erich Traxler clave / Eugène Michelangeli órgano

Rubén Dubrovsky violoncello e dirección

currículos

VERÓNICA CANGEMI *soprano*

Nada en Mendoza (Arxentina), foi primeiro violoncello da Orquestra Sinfónica de Mendoza antes de obter o Premio Nacional de Canto de Arxentina e o premio Francisco Viñas en Barcelona. A continuación, comezou a desenvolver a súa carreira en Europa cantando *Armide* de Gluck xunto a Les Musiciens du Louvre e Marc Minkowski en Versalles, e *Hansel e Gretel* en Radio France. Continuou interpretando Zerlina de *Don Giovanni* e Pamina da *Frauta máxica* no Teatro Colón de Bos Aires, Despina de *Così fan tutte* e *Les Pelerins de la Mecque* en Montpellier con William Christie, *Ombra felice* no Festival de Salzburgo e no Teatro dos Campos Elíseos de París, Susanna de *As vodas de Fígaro* e Adina de *L'elisir d'amore* coa Ópera Nacional de Lión, Servilia de *La clemenza di Tito* en Glyndebourne con Neville Marriner, *Platèe* de Rameau no Festival de Lisboa, Ilia de *Idomeneo* con Marc Minkowski na Ópera de Flandes e na Ópera de Lión, o *Orfeo* de Monteverdi xunto a Il Giardino Armonico no Festival de Graz, a súa primeira Poppea de *L'incoronazione di Poppea* no Teatro Comunale di Florencia e Dalinda de *Ariodante* na Bayerische Staatsoper de Múnic.

Deu vida ao papel principal de *La Griselda* de Scarlatti no Festival de Innsbruck e na Deutsche Staatsoper de Berlín, *Celos aun del aire matan* (ópera barroca en español) no Teatro Real de Madrid, Emilia de *Catone in Utica* na Ópera Cómica de París con Jean-Claude Malgoire, *Juditha Triumphans* no Festival de Montreal, Armida de *Rinaldo* na Bayerische Staatsoper, e os papeis protagonistas na nova produción de *Iphigenie en Aulide* en Glyndebourne e na *Zaide* de Mozart no Festival Lufthansa en Londres.

En concerto, cantou xunto a Jean-Claude Casadesus e a Orquestra Nacional de Lille, Marek Janowski e a Deutsche Symphonie Orchester de Berlín, a Orchestre Philharmonique de Radio France e Louis Langrée, e a Orquestra de Picardie. Por outra banda, colaborou con Heinrich Schiff, Thomas Hengelbrock, Marc Minkowski e Les Musiciens du Louvre, William Christie e Les Arts Florissants, Jean Claude Malgoire e La Grande Ecurie et la Chambre du Roy, Giovanni Antonini e Il Giardino Armonico, Neville Marriner, Ivor Bolton, a Orquestra Filharmónica da Radio Holandesa no Concertgebouw, The Sixteen en xira por España, a Orquestra Barroca de Friburgo e René Jacobs ou a Amsterdam Baroque Orchestra e Ton Koopman en Cagliari.

A pasada tempada debutou no papel de Condesa de *As vodas de Fígaro* no Teatro dos Campos Elíseos, participou en Salzburgo na produción de *La finta giardiniera* dirixida por Ivor Bolton, debutou na Opernhaus de Zúric co papel de Bellezza de *Il trionfo del tempo e del disinganno* e interpretou a Lucio Cinna de *Lucio Silla* no Teatro La Fenice de Venecia cunha produción que se presentou tamén no Festival de Salzburgo. Comezou a tempada 2007-08 na Scala de Milán como Zerlina en *Don Giovanni* e fixo o seu debut do papel de Cleopatra de *Giulio Cesare* en Viena (Klangbogen) nunha produción dirixida por René Jacobs. Ademais realizou o seu debut en Estados Unidos cantando *Ariodante* en San Francisco, regresou ao Théâtre du Champs-Élysées como Despina e cantou Euridice de *Orfeo e Euridice* de Gluck na Bayerische Staatsoper.

Entre as súas gravacións atópanse *O burgués xentilhome* de Richard Strauss para Virgin Classics, Ruggiero de *Tancredi* dirixida por Roberto Abbado para BMG-RCA, *Oratorio de Nadal* de Bach para Orfeo, Dalinda en *Ariodante* para Archiv (gravación galardoada co Diapasón d'Or de 1998 e Orphée d'Or) e, máis recentemente, *Orfeo e Euridice* de Gluck xunto á Orquestra Barroca de Friburgo e René Jacobs para Harmonia Mundi.

BACH CONSORT WIEN

Fundado en 1999 como un conxunto de solistas, converteuse rapidamente nunha das máis destacadas formacións barrocas de Austria. O seu repertorio abrangue hoxe dende a música de cámara até as grandes obras para coro e orquestra de Bach e os seus contemporáneos. Unha das principais particularidades do grupo é a reducida formación coa que se presenta na maioría dos seus concertos, característica que lle permite acadar versións de notable transparencia e vitalidade loadas pola crítica internacional.

Colabora con importantes solistas de talle internacional como Emma Kirkby, Bernarda Fink, Carlos Mena, Verónica Cangemi, Florian Boesch e Christophe Coin. Preséntase regularmente fronte ao público vienés no Musikverein desa cidade, e foi invitado a actuar na Brucknerhaus de Linz, no Palau de la Música de Barcelona e en festivais como Wiener Festwochen, Rhein Vokal, Donau Festwochen, etc. Numerosos concertos do Bach Consort Wien foron gravados pola radio e televisión de Austria (ORF), Südwestfunk e Catalunya Música. En 2008 presentaron un disco de cantatas de Bach co contratenor Carlos Mena.

RUBÉN DUBROVSKY *director*

Violoncellista e director nado en Bos Aires, trasladouse a Viena en 1995 tras rematar os seus estudos na Universidade de Detmold (Alemaña). A partir de 1999 o seu labor principal é a dirección do Bach Consort Wien, conxunto co que alcanzou reputación internacional. Como violoncellista, presentouse en numerosos países europeos interpretando as suites para violoncello de Bach e música de cámara clásica e romántica con instrumentos de época.

É profesor da Austria Barock Akademie, e foi invitado a ofrecer cursos de perfeccionamento en conservatorios e universidades de Viena, Milán, Londres, Moscova e Belgrado.

Exerce unha importante actividade como director invitado. En 2007 presentouse con obras de Mendelssohn, Shostakovich, Stravinski e Pärt en Stuttgart, Darmstadt, Fulda, Winterthur e La Haya. En 2008 debutou na Ópera de Bonn cunha nova produción de *Orlando Furioso* de Antonio Vivaldi e no Palau de las Arts de Valencia con *L'arbore di Diana* de Vicente Martín y Soler.

18

ANO PURCELL: DIDO E ENEAS

CORO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPELA COMPOSTELANA

MIRO MOREIRA *director*

Círculo das Artes

luns 1 de xuño de 2009

20:30

programa

HENRY PURCELL (1659-1695)

Dido e Eneas, ópera en tres actos

Libreto: Nahum Tate (1652-1715)

Estrea: Londres, 1689

CORO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPELA COMPOSTELANA

MIRO MOREIRA *director*

Ainhoa Zubillaga mezzosoprano Dido / Xurxo Varela barítono Eneas / Aida López soprano Belinda

Teresa Parigi mezzosoprano Feiticeira / Chelo López soprano Segunda muller

Trinidad González soprano Primeira meiga / Elena Sobrino soprano Segunda meiga & Espírito

Pablo Mato tenor Mariñeiro

currículos

CORO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foi fundado o ano 1979 por iniciativa da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A tarefa da súa posta en marcha foi encomendada a Maximino Zumalave, quen asumiu a dirección até o ano 1985. Logo desa data, puxéronse sucesivamente á fronte da agrupación Xan Viaño, Margarita Guerra, Juan Carlos García Pardo e Juan Carlos Dorgambide. Dende 1999 está dirixido por Miro Moreira, profesor de Canto Coral e Formación Vocal da USC.

Dende os seus primeiros anos de andadura compaxinou o repertorio *a capella* coa interpretación de grandes pezas clásicas da literatura musical como *A pequena misa solemne* de Rossini, *Mestas* de Haendel, *Pequeno libro de órgano* de J. S. Bach, *Responsorios de tebras* de Victoria, *Stabat Mater* de Haydn, *Ceremony of Carols* de Britten ou *Magnificat* de Vivaldi, entre outras. Interveu en diversas ocasións nos festivais de ópera da Coruña e, como importante aspecto do seu labor divulgativo, destaca a recuperación de pezas de mestres de capela das catedrais galegas como Melchor López ou Diego de Muelas.

Na actualidade, baixo a dirección de Miro Moreira, está concibido como un proxecto pedagóxico de formación coral, desenvolvendo unha interesante actividade de difusión da música antiga. Nesta liña encóntranse os seus últimos programas interpretados, como os oratorios *Jephte* e *Xonás* de Carissimi, *Gloria* de Vivaldi, *Barca di Venetia per Padova* de Banchieri, *Música barroca do período virreinal* (gravación en compacto conmemorativa da celebración do XXV aniversario do coro), *Misa Dolorosa* de Caldara, *As ensaladas* de Mateo Flecha, *El tañer con el cantar: cancioneros de Upsala, Medinacelli e Colombina*, *Nacións Barrocas (escolas barrocas europeas)*, *Dido e Aeneas* de Purcell e *Missa brevis en sol K 49* de Mozart.

CAPELA COMPOSTELANA

Formamos Capela Compostelana coa intención de poñer “novamente en luz” a música dos séculos XVI, XVII e XVIII. As nosas interpretacións parten do uso das técnicas vocais e instrumentais propias de cada un dos períodos e estilos que abordamos, camiño idóneo ao noso entender para comprender e gozar dunhas obras afastadas no tempo. Así, tratamos de aprender con humildade e respecto a práctica daqueles músicos contemporáneos delas.

Os integrantes do conxunto realizaron a súa formación no ámbito da música antiga, e o azar ou a necesidade xuntounos na fin do mundo, que é Compostela.

Dende 1988, Capela Compostelana ofreceu concertos en diferentes lugares de España, participando en prestixiosos ciclos dedicados á música antiga como, entre outros, Festival de Vitoria, Semana de Música Antiga de Estella, Festival Internacional de Denia, Concerts de Música Barroca de Palma, Cinco Días de Música Barroca de Zamora, Noites da Cidade Vella (A Coruña) e Auditorio de Galicia.

Capela Compostelana dedica unha parte importante do seu traballo á recuperación e difusión da música española renacentista e barroca. Neste terreo editou os discos *José de Vaquedano, mestre de capela da Catedral de Santiago de Compostela* (Ed. Edigal) e *Panxoliñas a Santiago* (Ed. Fonti Musicali), con obras inéditas dos arquivos da Catedral de Santiago de Compostela, e prepara actualmente próximas gravacións con música española deste período.

MIRO MOREIRA *director*

Naceu en Santiago de Compostela. Iniciou os seus estudos musicais como escolano na Capela Musical da Catedral de Santiago de Compostela e no Orfeón “Terra a Nosa”. Centrou a súa especialización como cantante e director dos períodos do renacemento e barroco. Como contrateno solista participa en numerosos concertos por España e Europa formando parte de grupos dedicados á música antiga: Capela Compostelana, Capella Reial de Cataluña, Al Ayre Español... É invitado a miúdo como solista por múltiples formacións orquestrais: Orquestra Nacional de España, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Sevilla, Orquestra Sinfónica de Galicia, Sinfónica Nacional de Portugal, etc.

Realizou gravacións de autores españois do Barroco, como García Salazar, Vaquedano e J.B. Comes, e a *Misa Solemne Unus Deus e Requiem* de Melchor Lopez para a Colección de Música Clásica Galega editada pola Xunta de Galicia.

Desde o ano 1984 é director do Orfeón Terra a Nosa e desde 1988 dirixe a Capela Musical da Catedral de Santiago recuperando varias obras de mestres de capela da Basílica compostelana: *Códice Calixtino*, *Stabat Mater* de B. Chiodi, *Esos mozos del Campo*, *Oficio* e *Villancicos de Navidad* de Melchor López, *Misa* e *Villancicos al Apóstol* de J. De Vaquedano, *Motetes de Adviento y Cuaresma* de Diego de Muelas, *Himnos del Códice Calixtino* de S. Tafall, etc...

Actualmente é profesor asociado de Canto Coral e Formación Vocal e Auditiva na Facultade de Ciencias da Educación, e director do Coro Universitario de Santiago de Compostela.